Sobre os datos referidos á remuneración do factor traballo na economía de Galicia e a súa valoración, así como as actuacións previstas polo Goberno galego ao respecto

- 51332 (10/PRE-015005)

Grupo Parlamentario de En Marea



Chao Pérez, Luca e Cuña Bóveda, María de los Ángeles

Sobre a avaliación que fai a Xunta de Galicia dos danos ocasionados nos petróglifos do Castriño de Conxo, en Santiago de Compostela, e as actuacións que vai levar a cabo a Dirección Xeral do Patrimonio ao respecto

- 51375 (10/PRE-015006)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre as actuacións levadas a cabo ou previstas polo Goberno galego para garantir a correcta aplicación en Galicia das medidas de protección das persoas usuarias das entidades financeiras, así como a súa valoración en relación co cumprimento do Código de boas prácticas bancarias e da Directiva sobre mercados de instrumentos financeiros MIFID II

- 51394 (10/PRE-015007)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pierres López, María Luisa e 3 máis

Sobre a valoración e as medidas previstas respecto do actual funcionamento do Servizo de Patrimonio Cultural da Xefatura Territorial de Pontevedra e do sistema de consultas que ten implantado

- 51400 (10/PRE-015008)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 3 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da contratación de varios estudos de viabilidade para as verteduras dos sedimentos procedentes da dragaxe e da rexeneración da ría de Pontevedra, a súa descarga nun espazo situado a dúas millas da illa de Sálvora e a realización dalgunha análise do seu posible impacto nos problemas existentes na ría de Arousa

- 51426 (10/PRE-015009)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre a opinión do Goberno galego respecto das repercusións, desde o punto de vista da competencia e dos dereitos dos consumidores, da futura desaparición de máis de cen oficinas bancarias en Galicia como consecuencia da adquisición do Banco Popular polo Banco Santander, así como a valoración do seu impacto e o desenvolvemento dalgunha estratexia específica ao respecto por parte do Instituto Galego do Consumo e da Competencia

- 51436 (10/PRE-015010)

Grupo Parlamentario de En Marea

Quinteiro Araújo, Paula e 2 máis

Sobre a dispoñibilidade de licenza por parte dunha empresa para abrir unha casa de apostas na rúa Florida de Vigo, o cumprimento da normativa referida á distancia necesaria cun centro educativo e as razóns da concesión dunha nova licenza para ese fin nesa cidade

- 51437 (10/PRE-015011)

Grupo Parlamentario de En Marea



Vázquez Verao, Paula

Sobre o horario de funcionamento e a dotación de recursos humanos e materiais das unidades de Estimulación Temperá e de Saúde Mental Infantoxuvenil do Hospital Universitario Lucus Augusti de Lugo

- 51440 (10/PRE-015012)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre a realización por parte do Goberno galego dalgún estudo para avaliar o impacto do uso de herbicidas con glisofato nos sectores agrarios e, en particular, na apicultura, e as medidas previstas para evitar o seu uso, así como as súas intencións en relación co abandono do seu uso na rede viaria e a realización dalgunha xestión diante do Goberno central e das administracións locais para ese fin

- 51448 (10/PRE-015013)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María de la Concepción e Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre o prazo estimado polo Goberno galego para a cobertura da presidencia do Consello Social da Universidade de Santiago de Compostela por unha muller, así como a valoración da situación de práctica parálise en que se atopa este órgano

- 51453 (10/PRE-015014)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre a opinión e a resposta dada pola Xunta de Galicia ás demandas de Ferroatlántica en relación coa escisión do centro de Sabón e as alegacións formuladas polos traballadores, así como as actuacións levadas a cabo ou previstas para favorecer o mantemento e o incremento da carga de traballo e do cadro de persoal asociados á obtención de silicio solar

- 51475 (10/PRE-015015)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre a valoración do Goberno galego en relación coa situación de Alcoa, as ofertas presentadas para a compra da planta da Coruña, a situación en que quedaría a empresa e as actuacións previstas para salvaguardar os seus postos de traballo e a súa actividade industrial, así como a súa opinión respecto da demanda da súa adquisición pública

- 51481 (10/PRE-015016)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis

Sobre os labores que desenvolve o persoal funcionario da Audiencia Provincial de Pontevedra en relación coa intendencia da cidadanía que forma parte dos xurados, así como o disposto ao respecto nos artigos 476, 477 e 478 da Lei orgánica do poder xudicial

- 51484 (10/PRE-015017)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia



Otero Rodríguez, Patricia e 2 máis

Sobre o apoio prestado pola Xunta de Galicia para a difusión da Feira do Bonito de Burela nos medios de comunicación de tirada nacional co fin de acadar o distintivo de festa de interese turístico nacional, así como o número de entrevistas e aparicións neles sobre a feira achegadas pola Xunta de Galicia para elaborar o expediente necesario para a tramitación da correspondente solicitude

- 51502 (10/PRE-015018)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre a valoración da Xunta de Galicia respecto da situación dos servizos de comunicación audiovisual comunitarios sen ánimo de lucro despois da sentenza do Tribunal Supremo en relación cos dereitos de emisión de Cuac FM, así como as medidas adoptadas ou previstas para garantir eses dereitos e o desenvolvemento da Lei 7/2010 e para asegurar o acceso á licenza

- 51524 (10/PRE-015019)

Grupo Parlamentario de En Marea

Quinteiro Araújo, Paula e Miranda Pena, Flora María

Sobre as medidas previstas polo Goberno galego para evitar a deterioración das condicións laborais do persoal da empresa concesionaria do servizo de salvamento marítimo, así como o labor de mediación que está a desenvolver para ese fin e o balance que fai da privatización do servizo

- 51528 (10/PRE-015020)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e 2 máis

Sobre a información publicada na páxina web da Corporación Radio e Televisión de Galicia en relación coas dificultades e cos prexuízos que supón para o alumnado galego a Avaliación de Bacharelato para o Acceso á Universidade e a súa realización en lingua galega

- 51537 (10/PRE-015021)

Grupo Parlamentario de En Marea

Quinteiro Araújo, Paula e 2 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia en relación coa asistencia dos seus representantes a eventos tauromáquicos como a feira de touros de Pontevedra, así como a adopción das recentes recomendacións do Comité dos Dereitos do Neno e da Nena respecto da presenza de menores de dezaoto anos neles

- 51547 (10/PRE-015022)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da dotación ao Centro de Saúde de Moaña do persoal necesario para garantir a calidade asistencial

Santiago de Compostela, 18 de xuño de 2019

Diego Calvo Pouso

Vicepresidente 1º



Á Mesa do Parlamento

María Luisa Pierres López, Luís Manuel Álvarez Martínez e Patricia Vilán Lorenzo, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

A Orde do 22 de xuño do 2018, pola que se establecen as bases reguladoras para as axudas ao alugamento de vivenda do Plan estatal de vivenda 2018-2021 e se procede á súa convocatoria para o ano 2018, con carácter plurianual, se contemplaban dúas liñas de axudas, a A e a B, con partidas de 3.000.000 € e 700.000 € respectivamente. Foron 12.000 os galegos e galegas os e as aspirantes a acceder ás axudas de vivenda.

Das dúas, a liña B foi publicada o listado de persoas adxudicatarias no mes de abril.

A liña A, case un ano despois da publicación das axudas segue sen resolverse, e achegándose a data da necesaria publicación das axudas para o presente ano 2019.

Estes retrasos están a evidenciar un problema grave de recursos por parte da Administración autonómica para resolver as axudas en tempo e forma.

Máis aínda cando este ano se recrudeceron os condicionantes para poder optar ás axudas, e polo tanto, se reduciu o potencial número de persoas peticionarias, desbordándose aínda así as expectativas, algo que recoñeceu a propia consellería.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Como se xustifica o retraso xa de case un ano na resolución das axudas presentadas ó abeiro da Orde do 22 de xuño do 2018 da liña A de axudas ó alugamento do Plan estatal de vivenda 2018-2021, así como o retraso de case 10 meses nas da liña B, xa resoltas?



2. Que medidas pensa tomar o IGVS para resolvelas e evitar que este tipo de retrasos inxustificables se repitan tamén anualmente?

Pazo do Parlamento, 06 de xuño de 2019

Asdo.: María Luisa Pierres López
Luís Manuel Álvarez Martínez
Patricia Vilán Lorenzo

Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Luisa Pierres López na data 07/06/2019 13:23:13

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 07/06/2019 13:23:24

Patricia Vilán Lorenzo na data 07/06/2019 13:23:35



Á MESA DO PARLAMENTO

Marcos Cal Ogando, deputado do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2ª**.

No municipio de Vilagarcía de Arousa, ante a nova da operación orquestrada para o vindeiro venres 14 de xuño, consistente no paso dun tren de 400 metros pola extensión da vía do ferrocarril ao peirao de Ferrazo a través de O Ramal e do vial que separa a explanada TIR do auditorio e o parque Miguel Hernández ata rebasar O Cavadelo para rematar o traxecto no seu obxectivo que é o recinto portuario, a xente do municipio atópanse desinformada, sobre todo, no relativo a esta operación, o seu motivo, a súa perigosidade e sobre como vai ser a súa xestión ou se esta se vai repetir no futuro.

Ante as incógnitas abertas e a pouca información ofrecida pola Autoridade Portuaria, só se coñece o seu traxecto, polo que sabemos que o tren percorrerá unha das arterias principais de Vilagarcía, bloqueando a céntrica rúa Valle Inclán e afectando á normalidade da circulación dunha vila que xa normalmente presenta problemas de conxestión do tráfico e, ademais, que o fará a unha hora crítica e na véspera do fin de semana, polo que a elección do momento non parece froito dunha planificación pensada para a comodidade das veciñas e veciños de Vilagarcía.

Entre a información non difundida pola Autoridade Portuaria cabe destacar que para poder levar esta operación a cabo e que as manobras poidan producirse, as vías de Vilagarcía e Catoira deberán estar completamente baleiras, o que anularía calquera viaxe comercial corrente.





Asimesmo, nada se coñece sobre os riscos, o dispositivo de seguridade se o houberse ou as problemáticas asociadas, coma o tempo e os recursos que serán precisos para executar a operación e parar e reanudar o tráfico con normalidade, posto que a todo o relacionado co percorrido debemos sumar as tarefas de carga e descarga da mercancía.

Esta situación agrávese polo descoñecemento, tal e como se mencionaba anteriormente, sobre se esta é una operación de carácter puntual, se existe intención de ser mantida no tempo ou cunha periodicidade determinada e con que obxectivos, en calquera dos casos.

Por último, é notorio que o Partido Popular de Vilagarcía e a Autoridade Portuaria de Vilagarcía teñan como nexo a figura de Alfonso González Gallego, candidato a alcaldía polo Partido Popular nos comicios municipais de 2019 e ademais director comercial da devandita Autoridade Portuaria. Isto, sumado ao feito de que en campaña electoral o Señor González Gallego xa anunciara este proxecto, poden evidenciar que esta operación é unha cuestión de intereses persoais nada relacionados coa mellora da actividade portuaria da vila.

Polo exposto, preséntanse as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

- Cales son os detalles desta operación?
- Por que non se está informando dos detalles desta operación?
- Vai a Xunta de Galicia a informar á cidadanía de Vilagarcía sobre esta cuestión?

Santiago de Compostela, 7 de xuño de 2019.

Asdo.: Marcos Cal Ogando

Deputado do G.P. de En Marea.





Asinado dixitalmente por:

Marcos Cal Ogando na data 07/06/2019 14:17:08



Á MESA DO PARLAMENTO

Marcos Cal Ogando e Antón Sánchez García, deputados do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2.^a**.

O Partido Popular nunca tivo un plan a medio e longo prazo para o ferrocarril tradicional da nosa comunidade, como demostra o feito de que Galicia sexa a única comunidade litoral do Estado que non conta cun tren de proximidade, malia contar cun espazo apropiado para o seu desenvolvemento. Asturias, Cantabria, Euskadi, Cataluña, a Comunidade Valenciana, Murcia e Andalucía si dispoñen desta opción de transporte, máis barata que os servizos rexionais e de media distancia galegos.

Polo momento, non hai ningún proxecto político sobre a mesa para corrixir este déficit, xa que, segundo parece, o Partido Popular considera que a mobilidade non é unha cuestión relevante para o futuro de Galicia.

Por se isto fose pouco, vimos de coñecer que as “incidencias destacables”, isto é, as que causan retrasos de máis de media hora, aumentaron significativamente nas liñas de media distancia. No conxunto do Estado, estes problemas incrementáronse un 80%, pero en Galicia a subida foi de case o 200%. Pasamos de 61 no ano 2016 a 180 en 2018, case o triplo.

As incidencias destacables aumentaron en tódalas liñas galegas de media distancia galegas excepto na de Ourense-Santiago-A Coruña, que dispón de trens





actuais, e na de A Coruña-Ferrol, que, como xa denunciámos no pasado, está sendo desmantelada sen cuartel polo Partido Popular dende o ano 2013.

A maior parte das incidencias prodúcese na liña Vigo-Ourense-Ponferrada, a máis problemática, nestes termos, de todo o Estado. Pasou de 7 incidencias no 2016 a 91 no 2018. A razón? O mal estado da propia liña e o envellecemento dos trens que circulan por ela.

As seguintes liñas que rexistraron maiores aumentos na nosa comunidade son: a liña Vigo-Valença do Minho, a liña Coruña-Vigo e a liña Coruña-Lugo-Monforte.

Segundo declaran os traballadores e as traballadoras de Renfe, o incremento das incidencias no conxunto do Estado débese á falta de mantemento, á falta de persoal e á obsolescencia dos materiais, polo que reivindican un aumento do persoal e unha renovación dos trens e das liñas.

O actual panorama esixe que se inverta a orde de prioridades no que respecta aos investimentos ferroviarios. Durante os últimos anos, o ferrocarril convencional recibiu menos dun terzo da financiación pública, mentres que a alta velocidade acaparaba a maior parte das axudas, sen importar que máis do 95% dos usuarios e usuarias optasen polo tren tradicional. Isto débese a que as políticas públicas de infraestruturas e transporte dos gobernos do Partido Popular non están orientadas á cidadanía e á vertebración do territorio, senón a inflar a burbulla dos macro-proxectos para favorecer as contas de resultados das empresas amigas. Isto ten que mudar de inmediato.

Polo anterior preséntanse as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:





- 1.^a) Que fixo a Xunta de Galicia dende o 2013 para mudar esta situación?
- 2.^a) Que está facendo a Xunta de Galicia a día de hoxe diante deste abandono?
- 3.^a) Que opinión lle merece á Xunta de Galicia o incremento das incidencias en Galicia?
- 4.^a) Cal é a proposta da Xunta de Galicia para darlle a volta a esta situación?
- 5.^a) Que impacto pensa que ten na mobilidade contar cun servizo de ferrocarril tan deficiente?
- 6.^a) Que pensa facer para revitalizalo? Vai solicitar a Fomento que se incremente o seu persoal e se renoven os trens e as liñas?

Santiago de Compostela, 7 de xuño de 2019.

Asdo.: Marcos Cal Ogando

Antón Sánchez García

Deputados do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Marcos Cal Ogando na data 07/06/2019 14:36:42

Antón Sánchez García na data 07/06/2019 14:36:59



Á Mesa do Parlamento

José Manuel Pérez Seco e Raúl Fernández Fernández, deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7ª.

O Plan de desenvolvemento rural de Galicia 2014-2020 ten un orzamento total de 1.186 millóns de euros para os 7 anos do período de programación da UE, dos cales o 75 % son financiados pola propia UE a través do fondo Feader de desenvolvemento rural, sendo fundamental para a cohesión económica e social do rural galego e para a modernización e adaptación dos sectores agrogandeiro e forestal.

Este fondo está a cargo de medidas tan importantes como as que corresponden á promoción das boas prácticas agrarias e medioambientais, a xestión forestal e a prevención de incendios, a modernización das explotacións agrarias, a agricultura ecolóxica e a incorporación de mozos, ademais dos pagos compensatorios ás zonas desfavorecidas e os fondos para o I+D do agro galego.

Desde o pasado mes de novembro de 2018, segundo informa Unións Agrarias, a Xunta de Galicia acumula unha débeda de máis de 90 millóns de euros aos solicitantes das diferentes medidas do PDR, cantidades xa executadas e certificadas polos beneficiarios.

Este atraso inédito nos pagos está a xerar problemas de financiamento nas explotacións e no tecido empresarial do rural galego, que están a incorrer en custos financeiros, en atrasos de pagos a provedores, e mesmo na regulación de emprego nos casos máis graves. Os problemas de liquidez xerados no agro por esta falta de xestión, contrastan co anuncio, a bombo e prato, da “lexislatura do rural”.

Por iso os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas:

- 1ª. Que opinión lle merecen á Xunta de Galicia os ditos atrasos?
- 2ª. Cal é o prazo que prevé a Xunta de Galicia para facer efectivos estes pagamentos?
- 3ª. Cal é o motivo pola que a Xunta de Galicia se está a atrasar nestes pagamentos?





Pazo do Parlamento, 7 de xuño de 2019

Asinado dixitalmente por:

Jóse Manuel Pérez Seco na data 07/06/2019 15:41:42

Raúl Fernández Fernández na data 07/06/2019 15:42:17



Á MESA DO PARLAMENTO

Marcos Cal Ogando e Antón Sánchez García, deputados do Grupo Parlamento de En Marea ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2.^a**

Cousa de Raíces, unha rede que integra a dúcias de colectivos a prol do bosque autóctono, fixo recentemente un chamado para levar a cabo unha deseucaliptización simultánea en Galicia con motivo do Día Mundial Forestal ou dos Bosques. Á iniciativa sumáronse preto de 20 colectivos: ADEGA, Couto da Eiriña, Verdegaiá, Montescola e CMVMC de Froxán (Lousame), a Oficina de Medio Ambiente da Universidade da Coruña, A Rente de Chan, Pladever, Fundación Eira, Proxecto Ríos, Amigos da Terra, CMVMC de Tourón (Melón), Asociación Vergasta, APDR, agrupación Arlequín, Proxecto MonTeis, a CMVMC de Teis (Vigo), a CMVMC de Pontearreas e a CMVMC de Carracedo (Caldas de Reis). A deseucaliptización comezou o día 21 de marzo e rematou o 23 de marzo.

A acción tiña por obxecto “chamar a atención sobre a urxencia de favorecer e conservar os bosques galegos fronte o impacto negativo e a expansión descontrolada de especies e plantas exóticas invasoras no país, como é o caso do eucalipto ou da acacia”, segundo se afirma nun comunicado de Cousa de Raíces. A rede aproveitou a ocasión para concienciar á cidadanía acerca das diferencias que existen entre os bosques, que son ecosistemas naturais complexos, “no que as especies arbóreas, a vexetación acompañante, os animais, fungos e microorganismos establecen relacións perdurables no tempo”, e as plantacións forestais, que se caracterizan por ser un “conxunto de árbores uniformes que se





plantan cun único interese comercial e que adoita estar formada por especies alóctonas que desprazan ás especies autóctonas”.

O comunicado de Cousa de Raíces insiste nos prexuízos inmensos que provocan as especies foráneas, como o eucalipto ou a acacia, pois “causan un impacto negativo sobre as especies forestais propias, o solo, os cauces fluviais, a biodiversidade, ocupan solos de cultivo e compiten coas especies propias, ademais de contribuír a favorecer os incendios forestais”. No texto subliñase tamén que son moitas as vantaxes dos bosques en comparación coas plantacións forestais de árbores alóctonas, xa que “mitigan o cambio climático, reteñen carbono, favorecen a provisión de auga, xeran biodiversidade e paisaxe, son fundamentais para a conservación da natureza e son fundamentais para a vida”.

Non obstante, semella que o Goberno da Xunta continúa sen asumir o perigo tremendo que supón o eucalipto ou a acacia para o campo galego e, polo tanto, para o conxunto do país. Se queremos construír un futuro para Galicia, temos que tomarnos en serio a recuperación do bosque autóctono e a loita contra as especies de árbores invasoras.

Polo anterior, preséntanse as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

- 1.^a) Que está facendo a Xunta de Galicia para conservar os bosques autóctonos?
- 2.^a) Considera compatible a conservación do monte autóctono coa proliferación descontrolada de eucaliptos e acacias?





3.ª) Deixará a Xunta de Galicia que sigan avanzando estas pragas?

Santiago de Compostela, 10 de xuño de 2019.

Asdo.: Marcos Cal Ogando
Antón Sánchez García
Deputados do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Marcos Cal Ogando na data 10/06/2019 10:53:18

Antón Sánchez García na data 10/06/2019 10:53:32



Á MESA DO PARLAMENTO

Eva Solla Fernández, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 5.^a**

A terapia ocupacional desenvolve para a saúde unha función esencial na aplicación de técnicas e a realización de actividades de carácter ocupacional que potencian e suplen funcións físicas e psíquicas diminuídas ou perdidas orientando e estipulando, o que permite que as persoas manteñan ou aumenten na medida das posibilidades a independencia funcional.

Con todo, a dotación de terapeutas ocupacionais no Servizo Galego de Saúde non responde as necesidades que se precisan para dar un servizo axeitado que cubra as demandas da sociedade galega.

Existe como é xa habitual no Sergas, un déficit de profesionais, que ademais provoca que non exista un trato en igualdade respecto dos servizos que se prestan, cunha descompensación en función da área sanitaria da que se trate, sendo a de Santiago a máis descompensada en especialidades como rehabilitación ou psiquiatría.

Respecto á Atención Primaria nin sequera se atopan presentes estes profesionais, como si acontece por exemplo en comunidades autónomas como Andalucía ou Aragón, pola contra, si existe interese nunha concertación e polo tanto privatización do Servizo, deixando á Sanidade Pública baleira de profesionais tan necesarios.





Por todo o anterior o Grupo Parlamentario de En Marea presenta as seguintes preguntas:

- Por que non está a terapia ocupacional incluída na Atención Primaria do Servizo Galego de Saúde?
- Ten pensado o Goberno realizar esta incorporación a curto prazo?
- Cal é o motivo de non ter un servizo uniforme de profesionais nas áreas sanitarias do Sergas?
- Considera o Goberno que se está a tratar de xeito igual a todas as galegas e galegos?

Santiago de Compostela, 10 de xuño de 2019.

Asdo.: Eva Solla Fernández
Deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 10/06/2019 10:58:11



Á MESA DO PARLAMENTO

Marcos Cal Ogando e Antón Sánchez García, deputados do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2.^a**.

A mimosa (acacia dealbata) é unha árbore de folla perenne orixinaria de Australia, famosa pola beleza das pequenas flores amarelas coas que despide o final do inverno. Chegou a Galicia a finais do século XIX como planta ornamental, pero pronto se lle buscaron outras utilidades. A súa flor foi empregada para facer perfumes e a súa leña foi consumida nas cociñas económicas. Tamén tivo unha presenza destacada nos viñedos e nas plantacións de fabas. Non obstante, agora é coñecida polos perigos que entraña para o ecosistema.

A mimosa é unha especie invasora cunha inmensa capacidade para colonizar os espazos naturais e desprazar ás especies autóctonas. É unha árbore resistente, cunha gran capacidade para adaptarse a calquera tipo de chan e para soportar xeadas non moi intensas. Medra rápido e reproducése tamén a gran velocidade. Ademais, segrega unha substancia que dificulta o crecemento doutras plantas na contorna. Así é que na actualidade atopamos mimosas nas beiras dos ríos, nas dunas, nos parques naturais e ata nas reservas da biosfera.

O éxito da mimosa en Galicia responde a razóns de dous tipos. Por unha banda, na nosa terra atopou condicións climáticas semellantes as que existen no seu lugar de orixe. Por outra, beneficiouse do paulatino abandono do rural, xa que é unha especie que gaña terreo moi rápido nos solos agrícolas sen labor e nas terras





queimadas. De feito, as mimosas e o lume manteñen unha relación de círculo vicioso. As acacias producen gran cantidade de follaxe inflamable que se acumula no chan no que medra. Isto favorece o lume que, á súa vez, favorece a propagación das mimosas. As mimosas desprenden as súas sementes ao seu redor, que poden permanecer viables ata 40 anos, e os incendios estimula que xermolen. Por iso, para recuperar unha zona colonizada por esta especie non chega con eliminar as árbores que xa están asentadas, senón que hai que levar a cabo labores periódicas de prevención.

Máis alá dos lumes, as mimosas teñen outros efectos perniciosos para os ecosistemas. A árbore altera a fertilidade do solo, diminúe a cantidade de auga accesible para outras plantas e cultivos agrícolas ou forestais, coa conseguinte perda de diversidade vexetal, e introduce bacterias perniciosas para as especies autóctonas.

Investigadores da Universidade de Vigo, en colaboración co Museo de Historia Natural de Nova York, veñen de publicar un artigo no que subliñan que, ademais, as mimosas supoñen un risco para a contorna por outra razón. Ata o de agora, críase que a mimosa en Galicia era allea aos seus depredadores naturais, pero constatouse que non é así. Segundo a investigación, os insectos depredadores da mimosa están chegando á nosa terra, desequilibrando o ecosistema e favorecendo as pragas. Os insectos transmiten virus e bacterias que provocan enfermidades en certas plantas, como a vide, algo que estamos a comprobar xa nalgúns zonas de España e máis de Italia. Os investigadores alertan que é cuestión de tempo que o problema chegue tamén a Galicia.

Cómpre, polo tanto, adoptar medidas para erradicar a mimosa, a máis urxente das cales é apostar polos bosques autóctonos.





Por todo o exposto, os deputados asinantes presentan as seguintes preguntas para a súa resposta oral en comisión.

- Que avaliación fai a Xunta de Galicia dos riscos asociados aos asentamentos de mimosas?
- Que pensa facer para evitar que desequilibren os ecosistemas?
- Que van a facer para evitar que esta especie continúe consumindo grandes recursos hídricos, provocando pragas e favorecendo a propagación de incendios?
- Por que non fixo nada ao respecto ata o momento?

Pregunta Pleno:

Ten pensado a Xunta de Galicia actuar para erradicar esta praga?

PNL comisión e pleno:

-Impulsar un plan, ó longo deste ano, para deter o avance desta especie e comezar a reducir a súa poboación.

Santiago de Compostela, 10 de xuño de 2019.

Asdo.: Marcos Cal Ogando

Antón Sánchez García

Deputados do G.P. de En Marea.





Asinado dixitalmente por:

Marcos Cal Ogando na data 10/06/2019 11:22:54

Antón Sánchez García na data 10/06/2019 11:23:10



Á MESA DO PARLAMENTO

Marcos Cal Ogando e Antón Sánchez García, deputados do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2.^a**.

O fiscal Álvaro García Ortiz trasladoulle ao xulgado un par de querelas contra Sertego Servizos Medioambientais, S. L., e Tecnosolos Galaicos S. L., a empresa xestora do vertedoiro de Santiago-Miramontes e a planta de elaboración de tecnosolos situada na súa canteira. O fiscal de medio ambiente tomou a decisión motivado polas denuncias presentadas pola Plataforma de Afectados polo Vertedoiro, polo concello e pola Federación de Asociación Veciñais do Rural de Santiago (Ferusa).

A fiscalía entende que a mala xestión do vertedoiro e da canteira pode constituír un delito medioambiental, xa que se están incumprindo incluso as prevencións e autorizacións máis básicas. Os indicios do delito proveñen tanto da propia experiencia dos veciños e veciñas da contorna, que sofren olores insoportables no seu día a día, como da propia documentación obtida dos organismos oficiais.

Así, nas conclusións da acta de inspección do vertedoiro do 19 de novembro, advírtese de que:

- Non se realizan caracterizacións básicas nin probas de conformidade dos residuos que entran no vertedoiro con maior carga orgánica.
- Non se fai un control visual do contido dos residuos antes da descarga do camión no vertedoiro.





- As analíticas do contido de carbono orgánico disolto (COD) en tres mostras arroxaron resultados incompatibles coa normativa vixente.
- A xestión no rexeitamento de residuos é deficiente.
- Nas observacións macroscópicas observáronse residuos que non deben entrar no vertedoiro e non están reflexados no libro de incidencias.

A labor de Tecnosolos Galaicos S. L. deixa tamén moito que desexar no que se refire ao cumprimento das súas obrigas medioambientais. A pesar dos riscos intrínseco ao seu traballo, a empresa non ofrece a máis mínima garantía na xestión dos residuos. Así o demostra que nas actas de inspección non figure ningún control das augas subterráneas, que debería levarse a cabo tendo en conta:

- As acumulacións de residuos que lixivian cara a ladeira da montaña mediante unha gabia escavada no terreo.
- A existencia de 3 fontes no entorno próximo aos espazos de aplicación dos tecnosolos.
- Que a ITR/01/08 contempla a posibilidade do control de augas subterráneas no caso de aplicarse tecnosolos a superficies de máis de 1 ha, como é o caso da canteira de Miramontes.
- Que as zonas de aplicación de “supostos tecnosolos” están próximas (200-400 metros) a espazos sensibles (curso fluvial, terreos agrícolas e vivendas).

No vertedoiro bótase en falla, ademais, a comprobación de diversas condicións que deben cumprir os tecnosolos conforme á instrución técnica de residuos ITR/01/08 relativa á elaboración de solos artificiais. Falla:

- A verificación dos niveis máximos de microorganismos patóxenos *Salmonella* e *Escherichia coli*.





- O ensaio de toxicidade aguda en miñocas conforme ao test OCDE 207.
- O ensaio de emerxencia e crecemento de sementes de plantas terrestres conforme ao test OCDE208.

Entre os danos causados polo vertedoiro e a canteira cómpre destacar a contaminación do Gatofero, afluente do Tambre, e de captacións de auga para consumo humano.

É moi grave que Sertego Servizos Medioambientais, S. L., e Tecnosolos Galaicos S. L. se lucre comprometendo a saúde dos veciños e veciñas da contorna; pero é aínda peor que as administración públicas ás que lles corresponde protexer o medio ambiente non fixeran aínda nada para evitalo.

Polo anterior preséntanse as seguintes Preguntas:

- 1.^a) Que control ven exercendo a Xunta de Galicia sobre esta actividade?
- 2.^a) Con que información conta a Xunta de Galicia a este respecto?
- 3.^a) Como pensa a Xunta de Galicia mellorar o seu sistema de control de actividades que xeran afeccións medioambientais?

Santiago de Compostela, 10 de xuño de 2019.

Asdo.: Marcos Cal Ogando

Antón Sánchez García

Deputados do G.P. de En Marea.





Asinado dixitalmente por:

Marcos Cal Ogando na data 10/06/2019 11:46:45

Antón Sánchez García na data 10/06/2019 11:46:58



Á MESA DO PARLAMENTO

Eva Solla Fernández, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta**, para a súa resposta oral na **Comisión 5.^a**

A legalización das apostas online no ano 2011, abriu unha nova realidade no ámbito dos xogos de azar e as apostas así como da súa publicidade, máis controlada ata ese momento.

Neste sentido, a proliferación de negocios de casas de apostas, así como o aumento de usuarios e usuarias nas mesmas, incrementouse notablemente nestes últimos anos. Esa proliferación, focalizada principalmente en barrios humildes así como en colectivos vulnerables como a xuventude, que nun contexto de precariedade laboral, supón un caldo de cultivo para o incremento dun problema de saúde pública como é a ludomanía.

As diferentes normativas que regulan a materia, están quedando obsoletas ante o rápido avance da realidade, non contemplando estas novas formas de xogo e polo tanto, permitindo un campo aberto e sen limitacións, co conseguinte risco de problemas futuros.

A Lei que regula os xogos e apostas en Galicia non escapa desa realidade, na que a sociedade xa está a demandar un cambio e actualización da normativa. Ante esta situación a Xunta de Galicia acaba de presentar un anteproxecto de Lei, que resulta totalmente insuficiente e non da resposta aos problemas actuais que existen, permitindo unha ambigüidade xurídica máis favorable ao negocio do xogo que a protección da saúde pública.





Por todo o anterior o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Pregunta para a súa resposta oral:

- Por que o Goberno non introduce no anteproxecto ningún tipo de control respecto ao acceso de menores ás máquinas comecartos?
- Considera o Goberno que é normal que se venda alcohol nos lugares de xogos e apostas?
- Contempla o Goberno algún tipo de Plan de prevención da ludomanía?
- Ante a insatisfacción do anteproxecto por parte de asociacións e profesionais que modificacións ten pensado facer o Goberno?
- Que valoración ten o Goberno en relación á atención sanitaria que se da ás persoas con ludomanía?
- Que valoración fai o Goberno sobre as medidas de prevención desta adicción?

Santiago de Compostela, 10 de xuño de 2019.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 10/06/2019 12:18:33



Á MESA DO PARLAMENTO

Marcos Cal Ogando e Antón Sánchez García, deputados do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2.^a**.

O venres 15 de marzo celebrouse en toda Europa unha folga estudantil a prol de tomar medidas urxentes contra o cambio climático. Foi unha nova mobilización de Fridays for Future, unha agrupación internacional de estudantes que leva dende agosto do ano pasado protestando diante de concellos e parlamentos para esixir aos diferentes gobernos que adquiran o compromiso de deter o calentamento global, adoptando as medidas científicas e sociais que sexan pertinentes.

Nesta ocasión, varios colexios galegos decidiron sumarse á iniciativa con concentracións e paros simbólicos ao mediodía. O obxecto da mobilización era advertir de que eles son os herdeiros do futuro, pero somos nós quen temos hoxe a obriga de adoptar medidas contra o cambio climático.

As demandas de Fridays for Future son que se escoiten as advertencias e as propostas en materia de cambio climático que fan os científicos, e que se cumpra o acordo do clima de París e do Grupo Intergubernamental de Expertos sobre o Cambio Climático (IPCC).

Deste xeito, o Fridays for Future pon o foco sobre un dos maiores problemas non só do futuro, senón tamén do presente. Segundo un estudo publicado na revista European Heart Journal, a contaminación ambiental causa cada ano 800.000 mortes prematuras no noso continente e acorta a esperanza de vida dos europeos





2,2 anos. Na actualidade, respirar aire contaminado provoca máis mortes que o tabaco. Porén, semella que a concienciación da cidadanía é moito menor.

Malia que a situación é dunha enorme gravidade, o feito é que as institucións controladas pola dereita continúan ignorando as demandas de Fridays for Future, como demostra o feito de que os populares, os conservadores e os liberais impediran que a activista ecoloxista Greta Thunberg, referente das mobilizacións, interviñera no plenario do Parlamento Europeo. Ao parecer, o que ten que dicir non interesa o suficiente aos políticos que, aínda hoxe, se lucran favorecendo os escuros intereses de industrias contaminantes.

Isto ten que mudar de inmediato. Debémolles á mocidade un futuro limpo non que poidan vivir con dignidade.

Por todo o exposto, as deputadas asinantes presentan as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

- 1.^a) Que avaliación fai o Goberno da Xunta de Fridays for Future?
- 2.^a) Considera xustas as súas demandas? Pensa atendelas?
- 3.^a) Que medidas vai adoptar para facelo?
- 4.^a) Vai cumprir a parte que lle corresponde do acordo do clima de París e do Grupo Intergubernamental de Expertos sobre o Cambio Climático (IPCC)?
- 5.^a) Cal estima que será a situación de Galicia no que respecta á contaminación no ano 2020?

Santiago de Compostela, 10 de xuño de 2019.

Asdo.: Marcos Cal Ogando

Antón Sánchez García





Deputados do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Marcos Cal Ogando na data 10/06/2019 12:54:09

Antón Sánchez García na data 10/06/2019 12:54:20



Á MESA DO PARLAMENTO

Flora Miranda Pena, deputada do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 1.^a**

O día sete de xuño de 2019, durante a Comisión de Pesca e Marisqueo, o Grupo Parlamentar de En Marea realizou unha pregunta de control sobre o saneamento das rías galegas. Para dar resposta a ela compareceu a Directora de Augas de Galicia, dona Teresa Gutiérrez.

Á marxe do insatisfactorio que puido resultar o propio contido da comparecencia, esta produciuse integramente en lingua castelá.

Malia ser conscientes da orixe cántabra da Directora, entendemos que unha persoa que ostenta unha elevada responsabilidade na administración pública galega ten, cando menos, a obriga ética do coñecemento da lingua propia do país. E do seu uso en ámbitos oficiais.

Somos coñecedoras tamén da normativa que ampara o uso da lingua castelá no desenvolvemento das sesións do Parlamento de Galicia, mais apelamos ao sentido de responsabilidade e respecto coa lingua propia minorizada que cómpre **normalizar**. Existe un marco lexislativo que recoñece o status legal da lingua galega como lingua propia de Galicia.

O Parlamento de Galicia é a institución onde radica a soberanía lexislativa e onde as deputadas e deputados electos polo pobo galego desenvolvemos a súa representación. Isto é merecente do máximo grao de respecto ás súas coordenadas culturais e lingüísticas. A lingua é o distintivo da identidade máis





elemental dun pobo e dunha cultura (Ramón Piñeiro, recollido no prólogo do Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega).

O preámbulo do plan de normalización lingüística establece que a política lingüística non é un elemento lateral da Administración e as accións dirixidas a mellorar a situación do galego levaranse a cabo dende a totalidade da Xunta de Galicia e das institucións que dela dependen.

Era un obxectivo do Plan de Normalización Lingüística “consolidar o galego como lingua xeral de referencia na Administración autonómica e establecer un mecanismo de coñecemento e control sobre ese cumprimento”.

Na citada sesión da Comisión Octava, a Directora á que se fai mención non tivo a diferenza de desculparse polo escaso dominio do galego, cuestión que tería sido cando menos prezada e valorada.

Ademais a dita Directora esqueceu que onde si ten a obriga de respectar a lei é no uso da toponimia propia. Non resulta aceptable a deturpación de topónimos como Arousa (pronunciado Arosa). Así o recoñece a Lei 3/1983 do 15 de xuño, de Normalización Lingüística (DOG 14.7.1983), que establece no seu artigo 10 que os topónimos terán como única forma oficial a galega.

Á marxe da cuestión puntual e asumindo que é unha necesidade común e colectiva a mellora no uso e dominio da lingua galega, consideramos que a Administración Galega debe esixir ás persoas que ocupan cargos de responsabilidade o coñecemento e utilización desta lingua cando menos en ámbitos de participación formal ou oficial.

Por este motivo, a deputada que subscribe formula a seguinte Pregunta:





-Que medidas ten tomado a Administración Galega para garantir que as persoas que exercen cargos de responsabilidade coñezan, dominen e utilicen a lingua propia en ámbitos oficiais, formais ou de representación?

Santiago de Compostela, 10 de xuño de 2019.

Asdo.: Flora María Miranda Pena

Deputada do G.P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

Flora María Miranda Pena na data 10/06/2019 14:33:55



Á MESA DO PARLAMENTO

Manuel Lago Peñas e Julia Torregrosa Sañudo, deputado e deputada do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 3.^a**

Segundo un informe que vén de publicar o Instituto Galego de Estatística (IGE) —denominado Estudo de Salarios— a participación das persoas asalariadas no reparto da riqueza desplomouse nos anos da recesión e non se recupera na actual fase alcista do ciclo económico.

En concreto, as Contas Económicas elaboradas polo IGE sinalan que en 2009 o 48% do PIB destinábase a remuneracións salariais. Dez anos despois, en 2018, o peso dos salarios no PIB é de tan só do 42,4%. Isto supón unha caída de case 6 puntos, unha cifra que cuantifica a intensa redistribución da riqueza en contra da poboación asalariada.

Polo anterior, preséntanse as seguintes preguntas:

- 1.^a) Cal e a responsabilidade da Xunta de Galicia nesta redistribución inxusta da renda que estamos a sufrir dende 2009?
- 2.^a) É consciente o Goberno galego desta redistribución? Si é consciente, que opinión lle merece?
- 3.^a) A perda de peso dos salarios en favor dos beneficios empresariais, é un obxectivo buscado polo Goberno galego?
- 4.^a) Que lle parece ao Goberno galego que a pesares de estar nunha fase alcista do crecemento económico os salarios non recuperen a súa participación no PIB?





5.ª) Vai facer algo para corruxilo?

Santiago de Compostela, 10 de xuño de 2019.

Asdo.: Manuel Lago Peñas

Julia Torregrosa Sañudo

Deputado e deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Lago Peñas na data 10/06/2019 16:12:25

Julia Torregrosa Sañudo na data 10/06/2019 16:12:40





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Luis Bará Torres, Olalla Rodil Fernández, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz e Montserrat Prado Cores, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª**.

Os concellos do Macizo Central salientan, para alén do seu indubidábel valor ambiental e natural, polo seu valor patrimonial, de forma especial polo seu legado románico mais tamén polo doutras épocas que constitúen unha importante rede arquitectónica que debe ser obxecto de protección e posta en valor.

Dentro desta importante rede salienta o Mosteiro de Montederramo. Coñecido como Mosteiro de Santa María de Montederramo, goza de catalogación como BIC desde o ano 1951. Porén, como en tantos outros casos, isto non supuxo unha implicación activa por parte dos poderes públicos para o seu mantemento.

Recentemente, en marzo de 2018 asinábase un convenio entre a Consellaría de Cultura da Xunta de Galiza e o Concello de Montederramo polo cal se irían investir un total de 435.150 euros nunha serie de actuacións presuntamente contempladas no Plan Director do Mosteiro de Montederramo (finalmente licitadas por 387.514,21€). Fundamentalmente, segundo informaba a Xunta de Galiza, encamiñadas a mellorar a accesibilidade deste ben. Na información pública da Xunta de Galiza ao respecto informábase das seguintes cuestións: “Deste xeito, procederase ao acondicionamento da sancristía co renovado de instalacións, eliminación de humidades do terreo, restauración das carpinterías e mellora da ventilación e á restauración das plantas baixa e alta do





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

claustro seglar. Nesta última incorporárase unha plataforma elevadora para garantir a accesibilidade ao coro.

Así mesmo realizaranse melloras no espazo da escaleira reglar, a limpeza de paramentos, da bóveda, a renovación de rexuntados, das carpinterías e nova instalación eléctrica e de iluminación.

No patio do claustro realizarase unha intervención no cumio da cuberta do patio para reducir o soleamento e mellorar a ventilación dese espazo no verán para evitar o efecto invernadoiro. Tamén se colocarán toldos e lonas móbiles para tratar convenientemente a radiación e a acústica do recinto. Na sala capitular realizaranse labores de limpeza e repaso dos paramentos e bóvedas, e renovaranse as instalacións e restauraranse as carpinterías. Finalmente colocarase un ascensor no vestíbulo que conecta os claustros e reordenaranse os aseos que existen nesa zona.”

Desde o Bloque Nacionalista Galego consideramos fundamental o investimento na conservación e accesibilidade do noso patrimonio. Porén, neste caso en concreto este Grupo Parlamentar ten recibido queixas sobre as actuacións encamiñadas ao baleirado que presuntamente terían danado relicarios, bancos e outros elementos do interior do mosteiro de grande valor patrimonial e que deberían ter sido catalogados e conservados.

Así mesmo, constan queixas sobre a cronoloxía da intervención, de forma que a coincidencia entre a mesma e o período estival non parece o máis adecuado para minorar o impacto negativo que poida ter nas visitas turísticas á zona tendo en conta que, de non estar accesíbel este monumento moitas persoas xa non se achegarán á localidade. Cabe sinalar tamén que respecto da situación de apertura ou non do Mosteiro a información turística é errática pois (no momento de asinar esta iniciativa) aparece en páxinas oficiais xa Xunta de Galiza tanto que está aberto como que está pechado como que estará pechado a partir do 26 de xuño.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todas estas cuestións, e debido á preocupación e incerteza existente na localidade de Montederramo nestes momentos, formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª:

Cal é a valoración da Xunta de Galiza respecto da intervención no Mosteiro de Montederramo?

Coñece a Xunta de Galiza a posibilidade de que existiran actuacións encamiñadas ao baleirado que presuntamente terían danado relicarios, bancos e outros elementos do interior do mosteiro de grande valor patrimonial e que deberían ter sido catalogados e conservados? Que vai facer ao respecto?

Desenvolveu a Xunta de Galiza a través da Dirección Xeral de Patrimonio ou outro mecanismo unha catalogación previa á intervención respecto dos bens incluídos no Mosteiro? Inspeccionará a zona para garantir que foron respectados?

Considera o goberno galego adecuado demorar ao período estival estas actuacións?

Cales son as causas da demora, tendo en conta que o convenio co concello foi asinado en marzo do 2018 e a licitación en novembro de 2018?

Canto tempo estará pechado ao público de forma total o Mosteiro? E de forma parcial?

Ten avaliado ou vai avaliar a Xunta de Galiza o impacto negativo que isto pode ter no sector hostaleiro e turístico da zona? Que vai facer para paliar ese impacto, de constatalo?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Babcock, antiga INAER leva tempo incumprindo as condicións acordadas nos pregos de contratación. Recentemente coñecíase de que a empresa tiña a intención de reducir drasticamente os seus salarios, a través da redución do salario bruto e tamén dos complementos, empeorando, polo tanto, a calidade do servizo. Esta situación debe abordarse de forma inmediata polo Goberno para evitar un novo retroceso nas condicións do servizo que poida supoñer riscos inaceptables para un servizo como o salvamento marítimo.

Por todo o exposto, as deputadas asinantes formulan a seguinte Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8.^a:





1. Que medidas vai adoptar o Goberno galego para evitar as intencións da empresa concesionaria do salvamento marítimo que pretende deteriorar as condicións laborais do servizo?
2. Que labor de mediación está a desenvolver a Xunta de Galicia?
3. Que balance fai a Xunta de Galicia da privatización deste servizo?

Santiago de Compostela, 13 de xuño de 2019.

Asdo.: Paula Quinteiro Araujo
Flora Miranda Pena
Deputadas do G.P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

Flora María Miranda Pena na data 13/06/2019 17:11:51

Paula Quinteiro Araújo na data 13/06/2019 17:11:57



Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela, Concepción Burgo López e Noela Blanco Rodríguez, deputado e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación da RTVG**.

A convocatoria dos exames de ABAU de 2019 foi un motivo de información nas distintas canles da CRTVG, así como doutros medios de comunicación. Dentro dos aspectos que están sendo considerados de interese polos distintos medios de comunicación, predomina o debate xeral sobre a suposta desigualdade entre os exames, niveis de esixencia e outras valoracións.

Froito deste escenario, a CRTVG publicou unha información na súa web, ao fío dunha peza informativa elaborada, que construía unha idea argumentativa baseada no prexuízo que supón para os alumnos e alumnas de Galicia examinarse de idioma galego, cando esta proba non se realiza nas demais comunidades autónomas de España onde o galego non é idioma oficial, como é normal.

O natural entendemento da publicación invita a inferir que, ademais de que “as probas son máis difíciles”, e que “os criterios de corrección máis esixentes”, tamén se engadía no argumentario que o alumnado de Galicia “exámínase dunha materia máis, a de galego”. Esta presentación dos datos evidencia unha nula comprensión das vantaxes que supón a existencia dunha lingua propia, tanto na riqueza cultural e persoal, como na utilidade directa que isto supón. Ademais, a efectos unicamente de análise racional, a existencia dun exame máis non ten que ser un problema que xere desvantaxe.

En definitiva, a difusión de contidos a través dos medios públicos que convertan ao idioma galego nun problema e que conleven asociar a existencia das probas sobre o idioma a elementos negativos, constitúe unha terxiversación dos criterios naturais que deben rexer o funcionamento dun medio de comunicación público.



Por todo o exposto, o deputado e as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Que criterios levan á CRTVG a tomar unha posición agresiva fronte á lingua galega a partir das probas ABAU que se realizan sobre o idioma?
2. Ten previsto a CRTVG modificar o contido da web publicada sobre a nova en cuestión?
3. Pode garantir a CRTVG que a defensa da lingua galega está entre os obxectivos prioritarios no exercicio do seu labor como medio de comunicación público de Galicia?

Pazo do Parlamento, 13 de xuño de 2019

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Concepción Burgo López
Noela Blanco Rodríguez
Deputados e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 13/06/2019 17:21:58

Maria de la Concepción Burgo López na data 13/06/2019 17:22:13

Noela Blanco Rodríguez na data 13/06/2019 17:22:28



Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Quinteiro Araujo e Marcos Cal Ogando deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, o abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta**, para a súa resposta oral na **Comisión 5.^a**

Na actualidade, as persoas trans en Galicia teñen que soportar un longo periplo por distintas institucións para, no mellor dos casos, ver recoñecida a súa identidade.

No ámbito sanitario, os colectivos denunciaron en diversas ocasións as trabas para acceder ós tratamentos hormonais. O descoñecemento social sobre a realidade das persoas trans fai que as súas necesidades médicas estean sempre sometidas a un constante cuestionamento e á tutela impropia das democracias do século XXI.

De acordo coas normativas sobre dereitos do paciente, a atención ás persoas trans debe ser de proximidade e non segregadora, pois a transexualidade non é unha patoloxía e non é preciso apartar ás persoas trans a unidades específicas e segregadoras que acrecentan o estigma e a vulnerabilidade.

Tamén o Parlamento europeo ven de emitir as súas resolucións sobre a situación dos dereitos fundamentais na UE onde apuntan a necesidade de que os Estados membros adopten leis e políticas contra a homofobia e a transfobia e lamenta que as persoas transxénero sigan sendo consideradas enfermas mentais en moitos Estados e pide ós mesmos que revisen as súas clasificacións nacionais dos trastornos mentais e que desenroten modelos alternativos de acceso exentos de estigma, garantindo que todas as persoas transxénero poidan acceder ó tratamento médico preciso e pide ós Estados membros que recoñezan o cambio de xénero e faciliten o acceso a procedementos de recoñecemento legal de xénero





rápidos, accesibles e transparentes, sen requisitos médicos como a cirurxía, a esterilización e o consentimento psiquiátrico.

A Xunta de Galicia decidiu hai algo máis dun ano impulsar un centro de referencia que perpetúa as prácticas patoloxizadoras. A Xunta afirma que non é patoloxizadora, pero isto non se traduce en ningún cambio nas prácticas.

A unidade inclúe saúde mental e segue a mesma estrutura que as UTIGs (Unidades de atención trastorno de identidade de Xénero).

Distintos colectivos LGTBI están denunciando que se ven negando a atención sanitaria a menores e persoas adultas trans, remitíndoos á unidade, e que a unidade non da citas porque é un servizo que non está ofrecendo, e o que está a acontecer é que as persoas trans non están sendo atendidas na sanidade sobre o principio de igualdade, sufrindo unha discriminación intolerable nunha sociedade que esixe igualdade de trato sen importar a orientación sexual ou a identidade de xénero.

Por todo o anteriormente exposto formulamos a seguinte pregunta para a súa resposta oral en comisión:

1. Cal é a función do persoal sanitario especializado en saúde mental dentro do centro de referencia?
2. Quen está dirixindo o centro de referencia?
3. Quen formou ó persoal que forma parte do centro de referencia?
4. En que se diferencia este centro de referencia das UTIGs?
5. Como xustifican que as persoas trans sexan derivadas a un centro de referencia que non da citas?
6. Está a Xunta de Galicia formando ó persoal médico en atención ás persoas





Santiago de Compostela, 13 de xuño de 2019.

Asdo.: Paula Quinteiro Araujo

Marcos Cal Ogando

Deputada e deputado do G.P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

Paula Quinteiro Araújo na data 13/06/2019 17:28:22

Marcos Cal Ogando na data 13/06/2019 17:28:29



Á Mesa do Parlamento

Marta Rodríguez Arias, Encarna Amigo Díaz, Marián García Míguez, Aurelio Núñez Centeno, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Soraya Salorio Porral, Miguel Tellado Filgueira, Raquel Arias Rodríguez e Sandra Vázquez Domínguez, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

O Goberno galego aposta firmemente polo Acollemento Familiar ao considerar que é o mellor recurso de protección para os nenos, nenas e adolescentes en situación de risco o desamparo, para que vivan nun ambiente normalizado no que se sintan protexidos, queridos e poidan desenvolverse plenamente. Menores para os que a medida de acollemento en familia allea se estime como a máis axeitada, coa expectativa da posible volta á súa familia de orixe nos casos no que sexa posible.

Na actualidade, máis de 1.500 nenos, nenas e adolescentes están en acollemento familiar, ben sexa en familia extensa ou allea. Esta cifra eleva ata o 59% a porcentaxe de menores baixo esta medida, que forma parte do sistema de protección da Administración autonómica.

A Xunta de Galicia desenvolve o programa de acollemento familiar en colaboración con Cruz Vermella. A entidade encárgase de executar o programa realizando accións de difusión, e de preselección das familias que poden acoller e ofrecéndolles formación, apoio e asesoramento tanto previamente como durante o tempo que dure o acollemento.

Neste sentido, a Xunta garante o apoio ás familias acolledoras, e este ano incrementa ata os 3,4 millóns de euros o orzamento destinado ao programa de acollemento, así

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



como a mellora do sistema de pagamento co obxectivo de que a familia extensa perciba unha axuda en todos os casos nos que os seus ingresos per cápita sexan inferiores a 7.500 euros. Esta medida beneficiou ao 95 % das familias acolledoras.

Por todo isto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Que medidas ten previstas a Xunta de Galicia para seguir ampliando o programa de acollemento familiar?

Santiago de Compostela, 13 de xuño de 2019

Asinado dixitalmente por:

Marta Rodriguez Arias na data 13/06/2019 17:15:40

María Encarnación Amigo Díaz na data 13/06/2019 17:16:53

María Ángeles Garcia Míguez na data 13/06/2019 17:17:37

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 13/06/2019 17:17:56

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 13/06/2019 17:19:05

María Soraya Salorio Porral na data 13/06/2019 17:19:31

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 13/06/2019 17:19:45

Raquel Arias Rodríguez na data 13/06/2019 17:20:08

Sandra Vázquez Dominguez na data 13/06/2019 17:20:38



Á Mesa do Parlamento

Marta Rodríguez Arias, Aurelio Núñez Centeno, Encarna Amigo Díaz, Marián García Míguez, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Soraya Salorio Porral, Miguel Tellado Filgueira, Raquel Arias Rodríguez e Sandra Vázquez Domínguez, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego.**

A Xunta ven de resolver as axudas para as primeiras 30 Casas do Maior que se instalarán en 25 concellos rurais de menos de 5.000 habitantes.

Cada unha delas atenderá a persoas de máis de 60 anos de idade con dependencia moderada ou severa, polo que estas axudas permitirán a creación de ata 150 prazas de atención diúrna para maiores en situación de dependencia.

Por todo isto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Cal é a previsión do Goberno galego en relación á posta en marcha de Casas do Maior durante esta lexislatura?

Santiago de Compostela, 13 de xuño de 2019

Asinado dixitalmente por:

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



Marta Rodriguez Arias na data 13/06/2019 17:26:38

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 13/06/2019 17:26:59

María Encarnación Amigo Díaz na data 13/06/2019 17:27:27

María Ángeles Garcia Míguez na data 13/06/2019 17:27:52

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 13/06/2019 17:28:03

María Soraya Salorio Porral na data 13/06/2019 17:28:26

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 13/06/2019 17:28:38

Raquel Arias Rodríguez na data 13/06/2019 17:28:59

Sandra Vázquez Dominguez na data 13/06/2019 17:29:19



Á Mesa do Parlamento

Marta Rodríguez Arias, Aurelio Núñez Centeno, Encarna Amigo Díaz, Marián García Míguez, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Soraya Salorio Porral, Miguel Tellado Filgueira, Raquel Arias Rodríguez e Sandra Vázquez Domínguez, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego.**

A Xunta ven de incrementar nun 60% o número de programas sociais financiados a través das axudas con cargo ao 0,7% do IRPF que xestionan as comunidades autónomas.

Cun importe total de 11,5 millóns de euros, financiaranse 332 programas impulsados por 104 entidades, agrupacións de entidades e federacións.

Estas cifras supoñen un incremento do 60% no número de iniciativas financiadas e que estas axudas cheguen este ano ao dobre de entidades que en 2018.

Por todo isto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Que tipo de iniciativas se van a levar a cabo en relación a programas sociais grazas a esta liña de financiamento a través das axudas con cargo ao 0,7% do IRPF ?

Santiago de Compostela, 13 de xuño de 2019

Asinado dixitalmente por:

Marta Rodriguez Arias na data 13/06/2019 17:29:47

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 13/06/2019 17:30:07

María Encarnación Amigo Díaz na data 13/06/2019 17:30:30

María Ángeles Garcia Míguez na data 13/06/2019 17:30:55

María Soraya Salorio Porral na data 13/06/2019 17:31:07

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 13/06/2019 17:31:15

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 13/06/2019 17:31:43

Raquel Arias Rodríguez na data 13/06/2019 17:32:45

Sandra Vázquez Dominguez na data 13/06/2019 17:33:04



Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Quinteiro Araujo e Marcos Cal Ogando, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, abeiro do disposto no artigo 156do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta**, para a súa resposta oral na **Comisión 4.^a**

Durante 2014 foi aprobada a Lei de Igualdade de trato e Non Discriminación LGTBI. Unha lei que trataba de ofrecer visibilidade e de garantir que non sexan discriminadas as persoas lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais. Unha lei que aínda que supuxo avances no eido lexislativo na procura da igualdade real entre todas as persoas, xa naceu con moitas críticas por estar baleira de contido e non ofrecer ningunha garantía de cumprimento.

Lonxe de ser a conquista de dereitos ansiada, resultou un texto meramente propositivo, cheo de "boas intencións" pero que na práctica non se está a traducir en nada. A eliminación da posibilidade de sancións por parte do Partido Popular, entre outros recortes sufridos polo texto inicial, sumouse á falla de aprobación de algunhas emendas necesarias para ampliar os dereitos contidos. O resultado foi que, cinco anos despois da súa entrada en vigor ningunha das medidas contidas na mesma foi posta en práctica.

Algunhas das actuacións máis efectivas para poñer fin á discriminación que sofre o colectivo LGTBIQ+ pasan pola formación de profesionais e a pedagogía coas máis cativas. A este respecto o único que coñecemos é un protocolo para a transexualidade infantil colgado na web da Consellería de Educación, que apenas queda nunha declaración de intencións, e algunha tímida campaña que contou co rexeitamento dos colectivos LGTBI.





Nos últimos anos foi máis doado atopar folletos transfóbicos de Hazte Oir nos centros de ensino que folletos contra a lgbifobia.

A Xunta de Galicia debe colaborar coas asociacións e entidades LGTBI, e apenas firman un convenio directo, e non contan con elas para os plans de formación.

As asociacións manifestan a necesidade de máis formación no ámbito educativo, sanitario, funcionarios en xeral e corpos e forzas de seguridade do Estado.

Por outra banda, tampouco existe un servizo específico galego nen programa autonómico algún que estableza a colaboración cos concellos para realizar medidas e accións de atención á diversidade sexual.

Por todo o anteriormente exposto formulamos a seguinte Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4.^a:

- Que actuacións contra a discriminación do colectivo LGTBIQ+ se están a levar a cabo nos centros de ensino galegos?
- Que tipo de formación se está a ofrecer dende a Xunta de Galicia ó profesorado?
- Que tipo de formación se está a impartir no funcionariado en xeral, sanitario, forzas e corpos de seguridade...?
- Por que non está a desenvolver a Lei 2/2014 o Goberno galego?

Santiago de Compostela, 13 de xuño de 2019.





Asdo: Paula Quinteiro Araujo
Marcos Cal Ogando
Deputada e deputado do G.P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

Paula Quinteiro Araújo na data 13/06/2019 17:50:05

Marcos Cal Ogando na data 13/06/2019 17:50:22



Á MESA DO PARLAMENTO

Francisco Casal Vidal, deputado do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta, para a súa resposta oral na Comisión 6.^a**, relativa ás actuacións do Goberno sobre a tarifa eléctrica de Acceso Regulado a Enerxía Nuclear e Hidráulica Histórica (ARENHH).

Na Comisión 6^a deste Parlamento do 5 de xuño de 2019 aprobou por unanimidade, con modificacións, unha PNL de En Marea co seguinte texto resolutivo:

"O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a demandar ao Goberno central, concretamente ao Ministerio de Transición Ecolóxica, que no marco da reforma do sector eléctrico se avalíe o desenvolvemento normativo dunha nova tarifa de acceso regulado á enerxía nuclear e hidráulica histórica, o que permitiría establecer tarifas a prezo fixo e o desenvolvemento de contratos a longo prazo."

Pasan os meses e o Goberno de España non remata de propoñer e promulgar solucións reais e de futuro para garantir o futuro das industrias electrointensivas, para garantir a competitividade da industria en xeral e paliar o espolio aos fogares no recibo da luz.

O cambio de modelo eléctrico é imprescindible para todas as empresas e para todos os fogares, pero para as electrointensivas tórnase de urxencia máxima para evitar peches inmediatos como o de ALCOA.





Ante isto En Marea propuxo a creación inmediata, por Real Decreto Lei, da tarifa ARENHH á semellanza da xa instaurada en Francia e aprobada pola UE. A avaliación desta proposta foi aprobada por unanimidade no Parlamento de Galicia.

As medidas contempladas na actualidade polo goberno do Estado para paliar a situación das electrointensivas redúcense a aplicar ata o máximo autorizado pola UE as compensacións por custos indirectos dos dereitos de emisión de CO₂, por importe de 200 M€, e a manter as poxas de interrumpibilidade por un importe similar.

Para os 43 TWh que consumen as electrointensivas, isto suporía un desconto de aproximadamente 9,3 €/MWh, insuficientes, xa que tendo en conta que o prezo medio do Pool eléctrico está entre 60 e 64 €/MWh, deixaría o prezo final entre 50,7 e 54,7 €/MWh, moi lonxe dos prezos de Francia (42 €/MWh) ou Alemania (40 €/MWh) e xa non digamos dos de Noruega (32 €/MWh).

Este extracoste supónlles ás electrointensivas españolas unhas perdas anuais de 546 M€.

Como xa vimos plantexando de maneira reiterada dende En Marea hai moitas medidas a tomar, pero hai unha que se podería implantar de maneira inmediata, e que o Ministerio de Transición Ecolóxica ten redactado desde setembro de 2018 pero que non viu a luz pola presión do lobby do oligopolio eléctrico controlado por exministros e dirixentes do PP e do PSOE. E non é outro que sacar a produción Nuclear e Hidroeléctrica do Pool diario e obrigar a que teña que ser vendida a longo prazo e con prezos estables do entorno aos 40/42 €/MWh.

A xustificación sería a mesma que Francia alegou ante a UE e que esta aprobou: son instalacións xa amortizadas e non teñen posibilidade de competencia de





mercado xa que non se autorizan novas centrais nucleares nin grandes hidráulicas.

Que estas centrais sigan a vender a prezo de Pool supón regalarlles ás eléctricas un mínimo de 1.740 M€ ao ano, os coñecidos como beneficios caídos do ceo, que pagamos empresas e fogares. Todo elo tendo en conta que a produción nuclear en 2018 foi de 52 TWh e a hidráulica de 35 TWh.

Estes 87 TWh darían para subministrar completamente as electrointensivas e a maiores sobrarían 44 TWh para comercializar entre circuítos pechados de distribución doutros sectores industriais como o automóbil ou o naval e para comercializadoras públicas que deran servizo aos fogares máis vulnerables.

Ante a imperiosa necesidade de desenvolver unha tarifa eléctrica estable e asequible para a industria e os fogares, **En Marea presenta a seguinte Pregunta ao Goberno para a súa resposta oral en Comisión:**

- Que actuacións, para dar cumprimento ao aprobado neste Parlamento, leva desenvoltas o Goberno da Xunta de Galicia ante o Goberno do Estado para instalo a avaliar o desenvolvemento normativo dunha nova tarifa de acceso regulado á enerxía nuclear e hidráulica histórica, o que permitiría establecer tarifas a prezo fixo e o desenvolvemento de contratos a longo prazo?

Santiago de Compostela, 12 de xuño de 2019.

Asdo.: Francisco Casal Vidal

Deputado do G.P. de En Marea.





Asinado dixitalmente por:

Francisco Casal Vidal na data 13/06/2019 17:58:45





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Olalla Rodil Fernández, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, relativa á necesidade de dotar ao centro de saúde de Moaña do persoal suficiente para poder prestar unha atención sanitaria de calidade á veciñanza.

A atención sanitaria na nosa vila presenta unha preocupante situación debido ás graves carencias de persoal e medios materiais, como consecuencia dunha política feroz de recortes sobre a sanidade pública galega que se levan aplicando desde o 2009 polos gobernos do PP á fronte da Xunta de Galicia.

A atención sanitaria que está a recibir a veciñanza do concello de Moaña está a ser deficitaria tanto polas carencias de persoal como dos medios materiais e infraestruturas. Teñen só un pediatra a xornada completa e outro de xeito parcial para atender a máis de 2.500 crianzas, moi por enriba das ratios recomendadas, o que se ve agravado pola práctica de non substituíren as ausencias das persoas titulares das prazas, o que conleva grandes listas de agarda para consultas e revisións. Ademais, a atención pediátrica só está dispoñible en quenda de mañá, o que dificulta enormemente a conciliación da vida laboral e familiar das nais e pais.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A situación d@s facultativ@s de familia non é mellor. O Sergas non substitúe as baixas de longa duración, nin os permisos nin vacacións, o que ten como consecuencia listas de espera para conseguir cita, ratios por enriba do establecido e recomendado.

No tocante ao persoal de enfermería cabe destacar a falta de cobertura das vacacións e libranzas da matrona, privando ás mulleres dunha atención xinecolóxica básica axeitada, cando cabe lembrar que as revisións xinecolóxicas preventivas xa non están incluídas dentro da carteira dos servizos sanitarios que presta o Sergas

Só teñen un fisioterapeuta para máis de 18.000 tarxetas, o servizo préstase só en quenda de mañá, non se cobren ao completo as libranzas do persoal, o que provoca listas de agarda inadmisibles.

E por último, a respecto ao Punto de Atención Continuada cabe sinalar un importante deterioro do mesmo, é constante a ausencia do reforzo de persoal facultativo, o que pon en risco a atención da veciñanza, ao precisar atención médica urxente e atoparse sen persoal sanitario, posto que o único equipo ten que desprazarse a domicilios, en ambulancia ata os hospitais de Vigo e atender o PAC á vez.

É evidente que a política sanitaria de recortes e desmantelamento da sanidade pública galega, levada a cabo polos gobernos do PP na Xunta de Galicia ocasiona graves deficiencias no dereito á atención sanitaria como servizo público fundamental.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todas as razóns expostas, formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

Vai o Goberno galego solventar de forma inmediata os problemas ocasionados pola súa política de recortes no centro de saúde de Moaña?

Considera que a poboación está ben atendida sen dobre equipo médico durante todas as quendas da fin de semana no PAC?

Coida que unha poboación infantil de arredor de 2500 nen@s está ben atendida con só un pediatra a tempo completo e outro a tempo parcial?

Pode un só fisioterapeuta atender a demanda de 18.000 persoas?

Vai garantir a substitución das ausencias de todo o persoal: médic@s de familia, enfermería, matrona, asistente social, psx...?

Santiago de Compostela, 13 de xuño de 2019

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Luis Bará Torres

Olalla Rodil Fernández

Noa Presas Bergantiños





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 13/06/2019 17:59:56

Xosé Luis Bará Torres na data 13/06/2019 18:00:07

Noa Presas Bergantiños na data 13/06/2019 18:00:13

Olalla Rodil Fernández na data 13/06/2019 18:00:21

Xose Luis Rivas Cruz na data 13/06/2019 18:00:28

Ana Pontón Mondelo na data 13/06/2019 18:00:36





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Olalla Rodil Fernández, Noa Presas Bergantiños, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo e Xosé Luis Rivas Cruz, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 8ª**, relativa ás medidas a tomar co punto de verquido existente entre as illas de Sálvora e Ons.

O anuncio por parte de Portos de Galiza da pretensión de depositar os lodos procedentes da dragaxe do río Lérez nunha zona próxima as illas de Sálvora e Ons, trouxo á actualidade a existencia dun punto de verquido nesta zona que nunca debeu existir.

A finais dos anos 90 o Estado español fixou o mencionado lugar entre as illas de Sálvora e Ons para que se vertera no mesmo os lodos e residuos procedentes das obras de ampliación de peirao de Ferrazo, en Vilagarcía de Arousa, desde esa data foron toneladas de meros cúbicos de lodos e outros materiais os que se foron depositando procedentes tamén doutras zonas, Marín, Vigo... Segundo información que nos teñen facilitado o lugar é unha auténtica montaña cunha área similar a varios campos de fútbol e metros de altura.

Este punto de verquido está a 2 millas de Sálvora e a 3.7 de Ons, ambas forman parte do Parque Natural das Illas Atlánticas e polo tanto espazo





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

protexido. Non podemos permitir que na entrada da ría máis produtiva de Galiza como é a ría de Arousa de enorme riqueza produtiva e ambiental, exista un depósito con toneladas de residuos que poden estar poñendo en risco o ecosistema da mesma.

O BNG móstrase contrario, xa non só a que se poidan verter neste punto máis lodos, senón tamén á permanencia do depósito do que non nos consta que se estea a facer seguimento nin control das consecuencias do mesmo.

Por estas razóns fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 8ª:

Considera o Goberno galego que na bocana da ría máis produtiva como é a de Arousa pode existir un depósito de residuos sen control?

Que avaliación se ten feito dos impactos que estes sedimentos poidan ter causado sobre os recursos pesqueiros e marisqueiros?

Se se fixo algunha en que data e con que resultado?

Ten intención de seguir usando este punto entre as illas de Sálvora e Ons para seguir depositando residuos?

Que tipo de tratamento se lle ten feito aos residuos potencialmente contaminantes procedentes de dragados depositados por parte da Xunta neste punto?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 13 de xuño de 2019

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Olalla Rodil Fernández

Noa Presas Bergantiños

Luis Bará Torres

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 13/06/2019 18:27:13

Xosé Luis Bará Torres na data 13/06/2019 18:27:21

Noa Presas Bergantiños na data 13/06/2019 18:27:29

Olalla Rodil Fernández na data 13/06/2019 18:27:35





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xose Luis Rivas Cruz na data 13/06/2019 18:27:43

Ana Pontón Mondelo na data 13/06/2019 18:27:50





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, relativa á necesidade de garantir a equidade en toda Galiza na atención do servizo de rehabilitación e a inclusión da terapia ocupacional no mesmo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Representantes do Colexio Oficial de Terapeutas Ocupacionais reuníronse co Grupo Parlamentar do BNG para trasladarnos información e a súa preocupación pola falta de recursos e de equidade para acceder ao servizo de terapia ocupacional no Sergas.

A Terapia Ocupacional é unha profesión sanitaria titulada e regulada na Lei 44/2003, de 21 de novembro, de Ordenación das Profesións Sanitarias como profesión de carácter diplomado. A Federación Mundial de Terapeutas Ocupacionais define a disciplina como

unha profesión da saúde centrada na persoa, que ten como obxectivo a “promoción da Saúde e o Benestar a través da ocupación”, de xeito que a misión destes/as profesionais é a intervención máis adecuada, cun papel activo da persoa que contribúa a preservar, promover, manter e/ou mellorar a saúde, o benestar e a participación na comunidade.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Segundo a lei mencionada correspóndelles @s Diplomad@s Universitarios en Terapia Ocupacional a aplicación de técnicas e a realización de actividades de carácter ocupacional que tenden a potenciar ou suplir funcións físicas ou psíquicas diminuídas ou perdidas, e a orientar e estimular o desenvolvemento destas funcións.

Os ámbitos de actuación nos que @ terapeuta ocupacional pode desenvolver o seu labor son diversos, ao igual que as poboacións coas que traballa e o tipo de intervención que aplica. É especialmente relevante no ámbito sanitario e socio-sanitario: Equipos de Atención Primaria e Hospitalaria, Atención temperá, servizos de Medicina Física e Rehabilitación, oncoloxía, unidades de coidados paliativos, psicoxeriatria, rehabilitación neurolóxica (adquirida e neurodexenerativa) saúde mental, residencias e centros de día...

Segundo a información de nos traslada COTOGA (Colexio Terapeutas Ocupacionais de Galiza), hai arredor de 40 terapeutas ocupacionais prestando servizos no SERGAS, cun reparto irregular ao longo dos distintos servizos hospitalarios, practicamente inexistente nos hospitais comarcais e é inexistente en Atención Primaria.

As ratios de profesionais non permite proporcionar servizos de suficiente calidade á poboación galega. Así mesmo existe unha clara inequidade en Galiza en canto ao acceso ao servizo de terapia ocupacional, de xeito que son centos as persoas con problemas de saúde que poden derivar en situacións de dependencia e limitacións para a participación, que ven suprimido o seu dereito fundamental á saúde, xa que non reciben o tratamento interdisciplinario adecuado e necesario para unha correcta rehabilitación das súas dificultades de autonomía persoal e participación na comunidade.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

En definitiva a oferta de Terapia Ocupacional que ofrece o Sergas é moi deficiente, de xeito que @s doentes que precisan esta atención de forma xeneralizada, están sendo derivad@s a centros “concertados” ou teñen que acudir á asistencia privada, a pesar de que teñen dereito a recibir atención no ámbito público, xa que está recollida na carteira de servizos.

Por estas razóns formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

Que acción vai realizar o Goberno galego para garantirle @s galeg@s a atención universal a Terapia Ocupacional de xeito que todas as persoas que requiran logopedia poidan ter acceso a ela sen demoras e próxima ao seu domicilio?

Vai proceder a Xunta ao incremento do cadro de persoal de terapeutas ocupacionais no Sergas que permita equiparar os equipos de rehabilitación en todas as áreas sanitarias, de xeito que todas contén con rehabilitación física (tanto adquirida como dexenerativa), rehabilitación pediátrica e saúde mental, con dotación como mínimo de fisioterapeutas, logopedas, terapeutas ocupacionais e psicólog@s nas equipas de rehabilitación de todos os hospitais?

Vai proceder á dotación de terapeutas ocupacionais en Atención Primaria?

Cal é a razón de non ter incluído ao Colexio Oficial de Terapeutas Ocupacionais no Consello Asesor Técnico de Atención Primaria?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 6 de xuño de 2019

Asdo.: Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 06/06/2019 18:35:12

Xosé Luis Bará Torres na data 06/06/2019 18:35:21

Noa Presas Bergantiños na data 06/06/2019 18:35:28

Olalla Rodil Fernández na data 06/06/2019 18:35:35

Xosé Luis Rivas Cruz na data 06/06/2019 18:35:43

Ana Pontón Mondelo na data 06/06/2019 18:35:50





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, presentan a seguinte corrección de erros nos documentos con número de rexistro **50870 e 50876**:

Na primeira pregunta onde dí: “de xeito que todas as persoas que requiran logopedia poidan”, debe dicir: “de xeito que todas as persoas que requiran terapia ocupacional poidan”.

Santiago de Compostela, 11 de xuño de 2019

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 11/06/2019 11:09:58

Xosé Luis Bará Torres na data 11/06/2019 11:10:08

Ana Pontón Mondelo na data 11/06/2019 11:10:15

Olalla Rodil Fernández na data 11/06/2019 11:10:23

Xose Luis Rivas Cruz na data 11/06/2019 11:10:35

Noa Presas Bergantiños na data 11/06/2019 11:10:47



Á MESA DO PARLAMENTO

Julia Torregrosa Sañudo e Manuel Lago Peñas, deputada e deputado do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **PREGUNTA para a súa resposta escrita**.

Durante os anteriores anos da presente lexislatura, o conxunto de grupos parlamentares que conformamos o Parlamento galego, viñamos recibindo de forma ordinaria, a través da carpeta correspondente na intranet, información sobre as modificacións de crédito que realizaba o Goberno galego, a día de hoxe, 6 e xuño de 2019, non temos coñecemento de ningunha modificación de crédito realizada durante o 2019, cando en anos anteriores, a esta data, xa se dispoñía desta información dos meses comprendidos entre xaneiro e maio.

Este tipo de información é clave para facer a labor encomendada legalmente aos grupos da oposición, control do goberno, e está recollida nas responsabilidades legais en canto a transparencia da Xunta de Galicia.

Polo exposto anteriormente o Grupo Parlamentar de En Marea presenta as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

- Cal é o motivo de non ter entregado información sobre as modificacións de crédito do presente ano?
- En que data se van a comezar a entregar a información das modificacións orzamentarias realizadas entre xaneiro e maio de 2019?

Santiago de Compostela, 6 de xuño de 2019.





Asdo.: Julia Torregrosa Sañudo

Manuel Lago Peñas

Deputada e deputado do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Julia Torregrosa Sañudo na data 06/06/2019 18:37:43

José Manuel Lago Peñas na data 06/06/2019 18:37:53



Á Mesa do Parlamento

Abel Losada Álvarez, deputado pertencente ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta por escrito.

Cal é a relación dos permisos de investigación mineira solicitados dende xaneiro de 2010? Detallados por:

- Data.
- Empresa.
- Localización (Concello).
- Produto.

Pazo do Parlamento, 07 de xuño de 2019

Asdo.: Abel Losada Álvarez
Deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Abel Fermín Losada Álvarez na data 07/06/2019 11:02:53



Á Mesa do Parlamento

María Luisa Pierres López, Luís Manuel Álvarez Martínez e Patricia Vilán Lorenzo, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

A Orde do 22 de xuño do 2018, pola que se establecen as bases reguladoras para as axudas ao alugamento de vivenda do Plan estatal de vivenda 2018-2021 e se procede á súa convocatoria para o ano 2018, con carácter plurianual, se contemplaban dúas liñas de axudas, a A e a B, con partidas de 3.000.000 € e 700.000 € respectivamente. Foron 12.000 os galegos e galegas os e as aspirantes a acceder ás axudas de vivenda.

Das dúas, a liña B foi publicada o listado de persoas adxudicatarias no mes de abril.

A liña A, case un ano despois da publicación das axudas segue sen resolverse, e achegándose a data da necesaria publicación das axudas para o presente ano 2019.

Estes retrasos están a evidenciar un problema grave de recursos por parte da Administración autonómica para resolver as axudas en tempo e forma.

Máis aínda cando este ano se recrudeceron os condicionantes para poder optar ás axudas, e polo tanto, se reduciu o potencial número de persoas peticionarias, desbordándose aínda así as expectativas, algo que recoñeceu a propia consellería.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Como se xustifica o retraso xa de case un ano na resolución das axudas presentadas ó abeiro da Orde do 22 de xuño do 2018 da liña A de axudas ó alugamento do Plan estatal de vivenda 2018-2021, así como o retraso de case 10 meses nas da liña B, xa resultas?
2. Que medidas pensa tomar o IGVS para resolvelas e evitar que este tipo de



retrasos inxustificables se repitan tamén anualmente?

Pazo do Parlamento, 06 de xuño de 2019

Asdo.: María Luisa Pierres López
Luís Manuel Álvarez Martínez
Patricia Vilán Lorenzo
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Luisa Pierres López na data 07/06/2019 13:22:00

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 07/06/2019 13:22:13

Patricia Vilán Lorenzo na data 07/06/2019 13:22:25



Á Mesa do Parlamento

José Manuel Pérez Seco e Raúl Fernández Fernández, deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

O Plan de desenvolvemento rural de Galicia 2014-2020 ten un orzamento total de 1.186 millóns de euros para os 7 anos do período de programación da UE, dos cales o 75 % son financiados pola propia UE a través do fondo Feader de desenvolvemento rural, sendo fundamental para a cohesión económica e social do rural galego e para a modernización e adaptación dos sectores agrogandeiro e forestal.

Este fondo está a cargo de medidas tan importantes como as que corresponden á promoción das boas prácticas agrarias e medioambientais, a xestión forestal e a prevención de incendios, a modernización das explotacións agrarias, a agricultura ecolóxica e a incorporación de mozos, ademais dos pagos compensatorios ás zonas desfavorecidas e os fondos para o I+D do agro galego.

Desde o pasado mes de novembro de 2018, segundo informa Unións Agrarias, a Xunta de Galicia acumula unha débeda de máis de 90 millóns de euros aos solicitantes das diferentes medidas do PDR, cantidades xa executadas e certificadas polos beneficiarios.

Este atraso inédito nos pagos está a xerar problemas de financiamento nas explotacións e no tecido empresarial do rural galego, que están a incorrer en custos financeiros, en atrasos de pagos a provedores, e mesmo na regulación de emprego nos casos máis graves. Os problemas de liquidez xerados no agro por esta falta de xestión, contrastan co anuncio, a bombo e prato, da “lexislatura do rural”.

Por iso os deputados que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

- 1ª. Que opinión lle merecen á Xunta de Galicia os ditos atrasos?
- 2ª. Cal é o prazo que prevé a Xunta de Galicia para facer efectivos estes pagos?



3ª. Cal é o motivo pola que a Xunta de Galicia se está a atrasar nestes pagamentos?

4ª. Cantos compromisos de pagamentos das distintas medidas do PDR hai pendentes aínda do ano 2018, e cantos do primeiro trimestre de 2019? A que cantidades ascenden, especificadas por medidas e por concellos?

5ª. Cal é o período medio dos pagamentos das distintas medidas do PDR?

6ª. Pode avaliar o Goberno galego cal é o custo económico para os beneficiarios a existencia de prazos tan prolongados entre o remate das anualidades e os pagamentos?

Pazo do Parlamento, 7 de xuño de 2019

Asinado dixitalmente por:

Jóse Manuel Pérez Seco na data 07/06/2019 15:44:19

Raúl Fernández Fernández na data 07/06/2019 15:44:40



Á MESA DO PARLAMENTO

Eva Solla Fernández, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **escrita**.

A terapia ocupacional desenvolve para a saúde unha función esencial na aplicación de técnicas e a realización de actividades de carácter ocupacional que potencian e suplen funcións físicas e psíquicas diminuídas ou perdidas orientando e estipulando, o que permite que as persoas manteñan ou aumenten na medida das posibilidades a independencia funcional.

Con todo, a dotación de terapeutas ocupacionais no Servizo Galego de Saúde non responde as necesidades que se precisan para dar un servizo axeitado que cubra as demandas da sociedade galega.

Existe como é xa habitual no Sergas, un déficit de profesionais, que ademais provoca que non exista un trato en igualdade respecto dos servizos que se prestan, cunha descompensación en función da área sanitaria da que se trate, sendo a de Santiago a máis descompensada en especialidades como rehabilitación ou psiquiatría.

Respecto á Atención Primaria nin sequera se atopan presentes estes profesionais, como si acontece por exemplo en comunidades autónomas como Andalucía ou Aragón, pola contra, si existe interese nunha concertación e polo tanto privatización do Servizo, deixando á Sanidade Pública baleira de profesionais tan necesarios.





Por todo o anterior o Grupo Parlamentario de En Marea presenta as seguintes preguntas:

- Por que non está a terapia ocupacional incluída na Atención Primaria do Servizo Galego de Saúde?
- Ten pensado o Goberno realizar esta incorporación a curto prazo?
- Cal é o motivo de non ter un servizo uniforme de profesionais nas áreas sanitarias do Sergas?
- Considera o Goberno que se está a tratar de xeito igual a todas as galegas e galegos?

Santiago de Compostela, 10 de xuño de 2019.

Asdo.: Eva Solla Fernández
Deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 10/06/2019 10:57:38



Á MESA DO PARLAMENTO

Eva Solla Fernández, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta**, para a súa resposta **escrita**.

A legalización das apostas online no ano 2011, abriu unha nova realidade no ámbito dos xogos de azar e as apostas así como da súa publicidade, máis controlada ata ese momento.

Neste sentido, a proliferación de negocios de casas de apostas, así como o aumento de usuarios e usuarias nas mesmas, incrementouse notablemente nestes últimos anos. Esa proliferación, focalizada principalmente en barrios humildes así como en colectivos vulnerables como a xuventude, que nun contexto de precariedade laboral, supón un caldo de cultivo para o incremento dun problema de saúde pública como é a ludomanía.

As diferentes normativas que regulan a materia, están quedando obsoletas ante o rápido avance da realidade, non contemplando estas novas formas de xogo e polo tanto, permitindo un campo aberto e sen limitacións, co conseguinte risco de problemas futuros.

A Lei que regula os xogos e apostas en Galicia non escapa desa realidade, na que a sociedade xa está a demandar un cambio e actualización da normativa. Ante esta situación a Xunta de Galicia acaba de presentar un anteproxecto de Lei, que resulta totalmente insuficiente e non da resposta aos problemas actuais que existen, permitindo unha ambigüidade xurídica máis favorable ao negocio do xogo que a protección da saúde pública.





Por todo o anterior o Grupo Parlamentario de En Marea presenta as seguintes Preguntas para a súa resposta escrita:

- Por que o Goberno non introduce no anteproxecto ningún tipo de control respecto ao acceso de menores ás máquinas comecartos?
- Considera o Goberno que é normal que se venda alcohol nos lugares de xogos e apostas?
- Contempla o Goberno algún tipo de Plan de prevención da ludomanía?
- Ante a insatisfacción do anteproxecto por parte de asociacións e profesionais que modificacións ten pensado facer o Goberno?
- Que valoración ten o Goberno en relación á atención sanitaria que se da ás persoas con ludomanía?
- Que valoración fai o Goberno sobre as medidas de prevención desta adicción?

Santiago de Compostela, 10 de xuño de 2019.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 10/06/2019 12:18:06





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Luis Bará Torres, Olalla Rodil Fernández, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz e Montserrat Prado Cores, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**.

Os concellos do Macizo Central salientan, para alén do seu indubidábel valor ambiental e natural, polo seu valor patrimonial, de forma especial polo seu legado románico mais tamén polo doutras épocas que constitúen unha importante rede arquitectónica que debe ser obxecto de protección e posta en valor.

Dentro desta importante rede salienta o Mosteiro de Montederramo. Coñecido como Mosteiro de Santa María de Montederramo, goza de catalogación como BIC desde o ano 1951. Porén, como en tantos outros casos, isto non supuxo unha implicación activa por parte dos poderes públicos para o seu mantemento.

Recentemente, en marzo de 2018 asinábase un convenio entre a Consellaría de Cultura da Xunta de Galiza e o Concello de Montederramo polo cal se irían investir un total de 435.150 euros nunha serie de actuacións presuntamente contempladas no Plan Director do Mosteiro de Montederramo (finalmente licitadas por 387.514,21€). Fundamentalmente, segundo informaba a Xunta de Galiza, encamiñadas a mellorar a accesibilidade deste ben. Na información pública da Xunta de Galiza ao respecto informábase das seguintes cuestións: “Deste xeito, procederase ao acondicionamento da sancristía co renovado de instalacións, eliminación de humidades do terreo, restauración das carpinterías e mellora da ventilación e á restauración das plantas baixa e alta do





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

claustro seglar. Nesta última incorporárase unha plataforma elevadora para garantir a accesibilidade ao coro.

Así mesmo realizaranse melloras no espazo da escaleira reglar, a limpeza de paramentos, da bóveda, a renovación de rexuntados, das carpinterías e nova instalación eléctrica e de iluminación.

No patio do claustro realizarase unha intervención no cumio da cuberta do patio para reducir o soleamento e mellorar a ventilación dese espazo no verán para evitar o efecto invernadoiro. Tamén se colocarán toldos e lonas móbiles para tratar convenientemente a radiación e a acústica do recinto. Na sala capitular realizaranse labores de limpeza e repaso dos paramentos e bóvedas, e renovaranse as instalacións e restauraranse as carpinterías. Finalmente colocarase un ascensor no vestíbulo que conecta os claustros e reordenaranse os aseos que existen nesa zona.”

Desde o Bloque Nacionalista Galego consideramos fundamental o investimento na conservación e accesibilidade do noso patrimonio. Porén, neste caso en concreto este Grupo Parlamentar ten recibido queixas sobre as actuacións encamiñadas ao baleirado que presuntamente terían danado relicarios, bancos e outros elementos do interior do mosteiro de grande valor patrimonial e que deberían ter sido catalogados e conservados.

Así mesmo, constan queixas sobre a cronoloxía da intervención, de forma que a coincidencia entre a mesma e o período estival non parece o máis adecuado para minorar o impacto negativo que poida ter nas visitas turísticas á zona tendo en conta que, de non estar accesíbel este monumento moitas persoas xa non se achegarán á localidade. Cabe sinalar tamén que respecto da situación de apertura ou non do Mosteiro a información turística é errática pois (no momento de asinar esta iniciativa) aparece en páxinas oficiais xa Xunta de Galiza tanto que está aberto como que está pechado como que estará pechado a partir do 26 de xuño.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todas estas cuestións, e debido á preocupación e incerteza existente na localidade de Montederramo nestes momentos, formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

Cal é a valoración da Xunta de Galiza respecto da intervención no Mosteiro de Montederramo?

Coñece a Xunta de Galiza a posibilidade de que existiran actuacións encamiñadas ao baleirado que presuntamente terían danado relicarios, bancos e outros elementos do interior do mosteiro de grande valor patrimonial e que deberían ter sido catalogados e conservados? Que vai facer ao respecto?

Desenvolveu a Xunta de Galiza a través da Dirección Xeral de Patrimonio ou outro mecanismo unha catalogación previa á intervención respecto dos bens incluídos no Mosteiro? Inspeccionará a zona para garantir que foron respectados?

Considera o goberno galego adecuado demorar ao período estival estas actuacións?

Cales son as causas da demora, tendo en conta que o convenio co concello foi asinado en marzo do 2018 e a licitación en novembro de 2018?

Canto tempo estará pechado ao público de forma total o Mosteiro? E de forma parcial?

Ten avaliado ou vai avaliar a Xunta de Galiza o impacto negativo que isto pode ter no sector hostaleiro e turístico da zona? Que vai facer para paliar ese impacto, de constatalo?





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Cal é a valoración do Plan Director do Mosteiro? Considera a Xunta de Galiza un erro a falta de participación social na súa redacción? Cales son as razóns que xustifican a falta de transparencia respecto deste?

Santiago de Compostela, 11 de xuño de 2019

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Luis Bará Torres

Olalla Rodil Fernández

Montserrat Prado Cores

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 11/06/2019 13:00:54

Xosé Luis Bará Torres na data 11/06/2019 13:01:04

María Montserrat Prado Cores na data 11/06/2019 13:01:28

Olalla Rodil Fernández na data 11/06/2019 13:01:37





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xose Luis Rivas Cruz na data 11/06/2019 13:01:48

Ana Pontón Mondelo na data 11/06/2019 13:01:58



Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Vázquez Verao e **Luís Villares Naveira**, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **escrita**.

No Centro de Saúde de Abadín aténdese a 107 nenos e nenas en idade pediátrica, nun servizo de pediatría que só atenden dúas horas os xoves, contando, dende 2017, cunha profesional con especialización en medicina familiar, non en pediatría, que acode ao centro dende o CS de Vilalba.

Así, como noutras zonas rurais do País, as crianzas en idade pediátrica han de desprazarse a Vilalba para ser atendidas a maioría dos días.

Un grupo de familias de Abadín, con crianzas en idade pediátrica, rexistraron recentemente unha serie de escritos no CS do municipio para reivindicar unha mellora na atención pediátrica.

Sinalan as familias que, como sucede habitualmente no SERGAS, cando falta a profesional, non se substitúe. Ademais, no caso de ir a Vilalba cando falta a profesional a Abadín, a cita -denuncian- só poden pedila no mostrador do CS daquela vila antes das 9:00 h, o que fai que pasen toda a mañá no centro, non podendo pedir cita por teléfono.

A carencia no servizo provoca un aumento das consultas privadas.

Téñense, ademais, retrasado citas para vacinacións ou controis de idade ordinarios, a espera da profesional titular.

Ante as queixas das familias, a Xunta respondeu que “O centro de saúde de Abadín conta coa mesma asistencia sanitaria de pediatría ca sempre, non se





modificou, e dito servizo sempre resolveu as necesidades asistenciais dos 107 nenos”. Ante isto, as persoas afectadas aseguran que hai anos contaban con pediatra dous días á semana durante toda a mañá, que despois foi reducido a un día. Sinalan as familias que se sinten penalizadas para que rematen por inscribirse no CS de Vilalba e así eliminar o servizo de pediatría por completo en Abadín.

Polo exposto, a deputada e deputado que subscriben formulan as seguintes preguntas á Xunta de Galicia:

- Por que non atende a Xunta as reivindicacións das familias de Abadín con crianzas en idade pediátrica?
- Non considera a Xunta un agravio para as familias de Abadín as prolongadas agardas no CS de Vilalba?
- Ten intención a Xunta de eliminar a consulta pediátrica en Abadín?
- Vai a Xunta aumentar o número de días nos que se pase consulta de pediatría no CS de Abadín?
- Vai a Xunta deseñar un plan para garantir a medio e longo prazo a unha suficiente presenza de pediatras na Atención Primaria na comarca da Terra Cha, así como a cobertura das baixas e permisos das profesionais?

Santiago de Compostela, 11 de xuño de 2019.

Asdo.: Paula Vázquez Verao
Luís Villares Naveira
Deputada e deputado do G.P. de En Marea.





Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 11/06/2019 16:52:14

Luis Villares Naveira na data 11/06/2019 16:52:23



Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Vázquez Verao, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte pregunta para a súa resposta **escrita**.

No insuficiente e incompleto portal de transparencia da Xunta de Galicia, concretamente na sección de contratos menores, aparece con data 10 de xuño de 2019 a celebración dun contrato con Adrian Doval Patiño, para o que non aparece o Obxecto, xa que o portal di expresamente que o obxecto do contrato menor e “1”, este contrato foi celebrado pola Consellería de Política Social cunha cuantía de 12.236,13€

Polo exposto anteriormente a deputada que subscribe formula a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

- Cal é o obxecto do contrato menor celebrado pola Consellería de Política Social o 10 de xuño de 2019 por un importe de 12.236,13€?

Santiago de Compostela, 11 de xuño de 2019.

Asdo.: Paula Vázquez Verao
Deputada do G.P. de En Marea





Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 11/06/2019 17:11:38





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Noa Presas Bergantiños, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz e Montserrat Prado Cores, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**, sobre as probas de acceso á Universidade en Galiza e as medidas que prevé adoptar a Xunta de Galiza ao respecto.

Nas últimas semanas o presidente da Xunta de Galiza, a conselleira de Educación e o Partido Popular veñen defendendo un discurso recentralizador a respecto das probas de acceso á universidade, hoxe denominadas ABAU.

Baseándose nun discurso falaz defenden a usurpación de competencias exclusivas do noso país para que o Estado español, a través do goberno central, artelle un procedemento de acceso á universidade único.

E fano afirmando que existen “desigualdades” entre os territorios e que isto prexudica o alumnado galego na entrada ao ensino superior.

Obvia, (mal)intencionadamente, o Partido Popular que a ABAU representa o 40% da nota de acceso á universidade, sendo o 60% restante o promedio alcanzado no Bacharelato. Neste senso, o groso da cualificación depende dos centros de ensino secundario e da avaliación continuada que o profesorado fai cada curso.

Porén, para o Bloque Nacionalista Galego, é evidente que o debate, absolutamente artificial, e as pretensas solucións propostas polo Partido Popular desde a Xunta de Galiza non ten outro obxectivo que continuar afondando nun proceso de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

recentralización política que quere deixar o Goberno galego sen as xa limitadas competencias que ten.

Cómpre lembrar que Galiza conta, como nación con lingua de seu, con competencias propias no 45% do currículo académico para garantir, entre outras cuestións, o exercicio dos dereitos lingüísticos das galegas e galegos.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Por que quere a Xunta de Galiza baleirar de competencias o Goberno galego?
- Por que ese afán recentralizador?
- Cuestiona o Goberno galego a capacidade do profesorado galego para avaliar con xustiza e equidade o alumnado?

Santiago de Compostela, 11 de xuño de 2019

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Luis Bará Torres

Olalla Rodil Fernández

Montserrat Prado Cores

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 11/06/2019 18:04:19

Xosé Luis Bará Torres na data 11/06/2019 18:04:28

Olalla Rodil Fernández na data 11/06/2019 18:04:36

María Montserrat Prado Cores na data 11/06/2019 18:04:46

Xose Luis Rivas Cruz na data 11/06/2019 18:04:55

Ana Pontón Mondelo na data 11/06/2019 18:05:04





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Luis Bará Torres, Olalla Rodil Fernández, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz e Montserrat Prado Cores, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**, relativa aos datos sobre remuneración do factor traballo na economía galega e á valoración do goberno galego.

A comezos de xuño de 2019 o Instituto Galego de Estatística publicaba o Estudo sobre salarios. A remuneración do factor traballo na economía galega. Neste estudo os datos do Sistema de Contas Económicas de Galicia ofrecen unha perspectiva macroeconómica da remuneración do factor traballo no noso país e permite coa metodoloxía empregada realizar comparacións con outros espazos económicos así como ver a perspectiva histórica da evolución e as mudanzas da economía galega nos últimos anos.

Aínda que respecto do ano 2017 os datos amosan que o peso dos salarios no PIB galego sobe no 2018, tras oito anos de caída, cómpre sinalar que o fai en tan só unha décima. Ademais, se no pasado 2018 representa o 42,4% do PIB, chegara a representar o 48% no ano 2009. Polo tanto, evidénciase como o impacto da crise é meirande sobre Galiza xa que a evolución para o Estado é máis favorábel (50,9 no 2009 e 47,1 no 2018) sendo a diferenza galega superior ao dobre.

Cómpre sinalar tamén que respecto da comparación na UE28 a porcentaxe da remuneración dos asalariados no PIB é superior á galega e mentres a caída deste





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

indicador dende 2009 foi de 0,8 puntos porcentuais o dato galego amosa unha caída de máis de 5 puntos. Polo tanto Galiza diverxe de Europa e diverxe do Estado español.

Da análise destes datos e doutros do mesmo estudo podemos concluír que nas mudanzas da economía galega dos últimos anos ten tido un impacto negativo sobre a clase traballadora manifestado na devaluación salarial e na perda de capacidade adquisitiva, tal como evidencia a información respecto da remuneración do factor traballo. Un impacto negativo froito das políticas antisociais e laborais do goberno central mais tamén da incapacidade da Xunta de Galiza de impulsar unha política económica que equilibre e iguale a sociedade.

Por estes motivos, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta esta iniciativa respecto dos datos sobre remuneración do factor traballo na economía galega, á valoración do goberno galego e ás actuacións que debe impulsar.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

Como valora o goberno galego o impacto na economía galega da mala evolución da remuneración do factor traballo?

Como valora a mala evolución a remuneración do factor traballo en Galiza se o comparamos coa evolución estatal?

Como valora a mala evolución a remuneración do factor traballo en Galiza se o comparamos coa evolución UE28?

Como valora a Xunta de Galiza a evolución canto á remuneración por hora asalariada no noso país?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Como valora o goberno galego o impacto nestes indicadores e no mercado laboral das políticas laborais lesivas aplicadas polo goberno central a partir de 2010?

Como valora o goberno galego os cambios na distribución da remuneración de asalariados por sectores?

Considera o goberno galego que a súa falta de implicación nas relacións laborais e empresariais deste país ten algún tipo de consecuencia na dificultade de recuperación dos indicadores do factor remuneración?

Que actuacións vai levar a cabo o goberno galego respecto destas cuestións?

Santiago de Compostela, 11 de xuño de 2019

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Luis Bará Torres

Olalla Rodil Fernández

Montserrat Prado Cores

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Noa Presas Bergantiños na data 11/06/2019 18:29:14

Xosé Luis Bará Torres na data 11/06/2019 18:29:25

María Montserrat Prado Cores na data 11/06/2019 18:29:32

Olalla Rodil Fernández na data 11/06/2019 18:29:38

Xosé Luis Rivas Cruz na data 11/06/2019 18:29:45

Ana Pontón Mondelo na data 11/06/2019 18:29:53



Á MESA DO PARLAMENTO

Luca Chao Pérez e Ánxeles Cuña Bóveda, deputadas do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **PREGUNTA**, para a súa resposta **escrita**, sobre os danos realizados nos petróglifos de Conxo.

Á Xunta de Galicia non lle preocupa o noso patrimonio cultural. Así o demostran as continúas desfeitas que vimos denunciando nos últimos meses.

No mes de febreiro, o colectivo Patrimonio dos Ancares denunciou os danos que sufriran nove mámoas que se atopan entre o Alto do Restelo e Louxas. Meses antes, en agosto, o mesmo colectivo xa advertira dos prexuízos causado a unha necrópole megalítica da zona de A Gándara de Espiñeira, na parroquia de Narla. En ambos casos, os danos foran causados pola actividade descontrolada de maquinaria pesada.

Algo semellante volveu acontecer recentemente, co agravante da participación do propio Goberno galego. A Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galicia (Adega) e Mariña Patrimonio (MP) denunciaron ante o Servizo de Protección da Natureza (Seprona) á Xunta de Galicia por danar un petróglifo de Chao de Sinás, na Serra do Xistral. A Xunta de Galicia danou o petróglifo ao queimar unha zona arqueolóxica, catalogada e, presuntamente, protexida polo Goberno, para desfacerse do mato.

Agora temos que lamentar un novo dano ao patrimonio. A asociación cultural Colectivo A Rula, que traballa no eido da catalogación e da posta en valor da arte rupestre, informou o mércores 15 de maio de que os petróglifos do Castriño de





Conxo, en Santiago de Compostela, foran rascados cun obxecto punzante, causando graves alteracións en catro figuras do panel inferior da lousa, tres puñais e un escutiforme. A asociación presentou denuncia formal perante o Servizo de Vixilancia e Inspección do Patrimonio Cultural da Dirección Xeral de Patrimonio.

A Rula conclúe que “se isto acontece nunha laxe tan emblemática e representativa do Grupo Galaico da Arte Rupestre”, que están incluídos no inventario de xacementos arqueolóxicos da Xunta de Galicia e no Catálogo de Bens Culturais, podemos imaxinar “a situación na que se atopan a maioría destas manifestacións culturais que constitúen elementos fundamentais de calquera estudo que aborde a nosa prehistoria”.

O acontecido é un síntoma máis do desleixo que o Goberno popular manifesta no que atinxe ao noso patrimonio, que nin valora, nin respecta, nin, dende logo, se molesta en coidar como merece. Isto ten que mudar de inmediato, por respecto á nosa historia e, polo tanto, por respecto a tódolos galegos e galegas.

Por todo o exposto, as deputadas asinantes presentan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

- O Goberno da Xunta pensa que o noso patrimonio conta coa suficiente protección?
- Se é así, como explica os danos que levamos meses denunciando?
- Se non é así, que pensa facer para melloralala?
- Que avaliación fai a Xunta de Galicia dos danos que sufriron os petróglifos do Castriño de Conxo?





- Que vai facer a Dirección Xeral de Patrimonio ao respecto?

Santiago de Compostela, 12 de xuño de 2019.

Asdo.: Luca Chao Pérez

Ánxeles Cuña Bóveda

Deputadas do G.P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

Luca Chao Pérez na data 12/06/2019 10:40:38

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 12/06/2019 10:40:53





BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Luis Bará Torres, Olalla Rodil Fernández, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz e Montserrat Prado Cores, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, relativa á avaliación do código de boas prácticas bancarias e da transposición da MIFID.

Durante a última década o sector bancario e financeiro ten sido o foco de numerosos escándalos e calotes mediante prácticas abusivas sobre os e as consumidoras, especialmente no que atinxe a cláusulas opacas e produtos complexos. Desde entón demandas populares e sociais fixeron tomar decisións, as máis das veces tímidas, ás distintas institucións europeas, estatais e galegas.

Entre estas cuestións cómpre salientar, por exemplo, o Real Decreto-lei 6/2012, de 9 de marzo, de medidas urxentes de protección de debedores hipotecarios sen recursos, que recollía o popularizado “código de boas prácticas” para a banca, que tardaría varios anos en ser impulsado e que ten entre as súas principais debilidades que a súa aplicación por parte das entidades de crédito é voluntaria, como expresamente regulaba o artigo 5.1. Este carácter voluntario implicou que se tratara dunha medida máis cosmética do que xusta. A gran maioría das entidades bancarias adheríronse ao Código de Boas Prácticas, porén practicamente ningunha deles ofrece o que se propoñía no citado Código e foron moitas as queixas que trasladaron as asociacións de consumidores e consumidoras e que mesmo tiveron recurso legal.





BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Para o Bloque Nacionalista Galego, a propia aprobación dun Código de Boas Prácticas para resolver estas cuestións amosou a debilidade do marco normativo, nomeadamente o estatal. Recentemente, na Comisión 3ª do Parlamento Galego o grupo asinante desta iniciativa impulsaba a aprobación dun acordo unánime nos seguintes termos en setembro de 2018: «O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que demande do Estado as modificacións legislativas oportunas para que se regule una moratoria e a dación en pagamento para as persoas que non poden afrontar a súa hipoteca e se incremente o nivel de existencia do Código de boas prácticas.»

Desde entón, os pasos dados teñen sido insuficientes mais cómpre recordar que Galiza ten competencias exclusivas en materia de consumo e ten capacidade e instrumentos para avaliar desde o territorio a evolución e cumprimento de toda canta normativa respecto deste ámbito exista de cara a facer propostas para incrementar a defensa das e dos consumidores. Porén, neste aspecto, con independencia do gran traballo que realiza o Instituto Galego do Consumo e da Competencia, continúa sen haber unha aposta decidida.

Esta falta de vontade no exercicio das competencias propias témola tamén na aplicación da MIFID II, que malia ter pasado meses da súa transposición non mereceu unha soa valoración por parte do goberno galego. Desde o Bloque Nacionalista Galego vimos con preocupación o impulso deste novo marco, xa que entendemos que non ofrecía a resposta necesaria senón que se limita a definir as actuacións que deben realizar as empresas desde unha óptica da autorregulación malia que este sector demostrou como a falta de control público e a desregulación neoliberal estaban na base do estoupido da crise financeira a partir de 2008.

Dende o BNG apostamos por un maior compromiso da Xunta de Galiza con esta realidade e coa defensa das e dos consumidores e entendemos que debe incrementar a





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

avaliación de cal é o estado de aplicación de elementos como o Código de Boas Prácticas ou a MIFID II.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

Que actuacións levou ou vai levar a cabo o goberno galego para garantir a correcta aplicación en Galiza das medidas de protección en materia de defensa das e dos usuarios de entidades financeiras?

Que valoración realiza a Xunta de Galiza da aplicación do Código de Boas Prácticas Bancarias en Galiza? Ten avaliado esta cuestión coas asociacións de defensa dos e das consumidoras? E coas forzas sindicais? Con algún outro sector?

Que valoración realiza a Xunta de Galiza da aplicación da MIFID II en Galiza? Ten avaliado esta cuestión coas asociacións de defensa dos e das consumidoras? E coas forzas sindicais? Con algún outro sector?

Que valoración realiza a Xunta de Galiza das sancións aplicadas polo Banco de España?

Que valoración fai o goberno galego da súa falta de iniciativa e impulso nesta materia?

Que actuacións levou ou vai levar a cabo o goberno galego para o cumprimento da demanda emanada da cámara en setembro de 2018?

Que actuacións leva a cabo o goberno galego para vixiar que se apliquen medidas xustas por parte da banca ás persoas afectadas polas hipotecas en Galiza?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ten estudado a administración galega as repercusións na cidadanía do noso país dos posíbeis incumprimentos das entidades bancarias? Por que razóns?

Considera a Xunta de Galiza que as entidades bancarias ofrecen información suficiente aos clientes sobre o Código de Boas Prácticas Bancarias?

Coñece cantos desafiuzamentos se evitaron en Galiza coa aplicación do Código de Boas Prácticas Bancarias?

Coñece a Xunta de Galiza cantas dacións en pago pagamento se realizaron en Galiza a través da aplicación do Código de Boas Prácticas Bancarias?

Cre a Xunta de Galiza que é necesario impulsar a dación en pagamento?

Como valora a Xunta de Galiza que a banca recibindo multimillonarias axudas públicas non aplique o código de boas prácticas?

Santiago de Compostela, 12 de xuño de 2019

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Luis Bará Torres

Olalla Rodil Fernández

Montserrat Prado Cores

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 12/06/2019 12:38:32

Xosé Luis Bará Torres na data 12/06/2019 12:38:39

María Montserrat Prado Cores na data 12/06/2019 12:38:44

Olalla Rodil Fernández na data 12/06/2019 12:38:52

Xose Luis Rivas Cruz na data 12/06/2019 12:38:59

Ana Pontón Mondelo na data 12/06/2019 12:39:06



Á Mesa do Parlamento

María Luisa Pierres López, Luís Manuel Álvarez Martínez, Concepción Burgo López e Patricia Vilán Lorenzo, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

A recentemente aprobada Lei 1/2019, do 22 abril, de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia, marca entre as súas prioridades a de mellorar a axilización e xestión dos expedientes que forman parte do patrimonio cultural galego.

Chama a atención que precisamente sexa a propia Xunta de Galicia a que tolere que un Servizo Provincial de Patrimonio, en concreto o da provincia de Pontevedra, veña a restrinxir as consultas das persoas promotoras, técnicas ou representantes de institucións que queiran xestionar un expediente afectado por Patrimonio no propio servizo.

Neste momento toda consulta dirixida a este Servizo Provincial en Pontevedra ten que facerse por escrito, segundo unha instancia restrinxida a un folio, que limita a capacidade da consulta, e máxime cando estamos a falar de expedientes no que moitas veces a dúbida debe ser acompañada de imaxes ou documentos que ilustren a consulta.

Consultas que o que pretenden maiormente é dirixir mellor e de forma máis efectiva a redacción dos proxectos e propostas de rehabilitación que se presentan neste servizo, e evitar as demoras que supoñen os informes negativos e comunicación de subsanación de deficiencias, que poden supoñer meses ou incluso anos de incremento nas tramitacións.

Non parece razoable que se dificulte deste modo a xestión e correcta información, e que se faga ademais nun dos catro servizos provinciais, cunha clara discriminación no trato dos pontevedreses e pontevedresas neste caso e respecto ó resto dos galegos e galegas.



O problema deste Servizo Provincial de Patrimonio Cultural de Pontevedra vén de lonxe, acumulando diferentes problemas no tempo, especialmente de medios e recursos e de tempos de tramitación que se alongan incluso anos no tempo. A aprobación da recente lei, que ven a descargar, aparentemente de carga de traballo a estes servizos, debora supoñer a mellora de todos os servizos, e polo tanto tamén o da atención , algo que neste caso pontevedrés non se está a dar.

Na práctica os servizos provinciais de Lugo, Ourense e A Coruña si están atendendo tanto presencial como incluso telefonicamente as dúbidas das persoas promotoras, técnicas e representantes das institucións, algo que permite que se resolvan dúbidas que en moitos casos vai a determinar a presentación de proxectos que conlevan moita documentación e polo tanto tamén custos. Axilizalos no posible e facilitar a mellor das informacións debora ser unha obriga inescusable para unha administración que debora velar por facilitar a protección, rehabilitación e reconstrución do patrimonio cultural e non tanto dificultalo poñendo máis trabas administrativas.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Cal é o número de expedientes activos neste momento en cada un dos Servizos de Patrimonio Provinciais e o tempo medio de emisión de informes durante o ano 2018?
2. Como valora a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, da que depende o Servizo de Patrimonio Cultural da Xefatura Territorial de Pontevedra, o actual funcionamento deste servizo?
3. Que explica que sexa o Servizo Provincial de Pontevedra o único que ten implantado un sistema de consultas a través de instancias e por escrito, non permitindo as consultas presenciais ou telefónicas?
4. Creen que este modelo de consultas favorece a correcta información e asesoramento das persoas promotoras, técnicas ou representantes institucionais?
5. Por que en todo caso, o trato dos pontevedreses e pontevedresas é diferente



ó do resto das provincias?

6. Vanse a tomar medidas ao respecto e a asegurar a correcta atención das persoas implicadas en expedientes que afectan ó Patrimonio Cultural da Provincia de Pontevedra?

Pazo do Parlamento, 11 de xuño de 2019

Asdo.: María Luisa Pierres López
Luís Manuel Álvarez Martínez
Concepción Burgo López
Patricia Vilán Lorenzo
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Luisa Pierres López na data 12/06/2019 12:57:57

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 12/06/2019 12:58:10

Maria de la Concepción Burgo López na data 12/06/2019 12:58:21

Patricia Vilán Lorenzo na data 12/06/2019 12:58:34



Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, María Dolores Toja Suárez, Luís Manuel Álvarez Martínez e María Luisa Pierres López, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

A situación da ría de Pontevedra é xa insostible, pois tanto o río Lérez como a ría vanse cegando. Xa polos anos 2006 ou 2007, a cidade de Pontevedra comezaba a solicitar a Portos de Galicia un proxecto para a dragaxe e rexeneración do fondo da ría de Pontevedra, aproximadamente 5 quilómetros da canle de navegación dende a ponte do Burgo ata o dique de Os Praceres, por ser preciso dende un punto de vista medioambiental, marisqueiro, pesqueiro e deportivo.

O proxecto que o Goberno do señor Feijóo (a través de Portos de Galicia) puxo enriba da mesa foi a dragaxe e ata unha futura estación marítima como eixo dun proxecto sobre o que pivotaría unha fórmula de transporte de pasaxeiros na ría de Pontevedra. Dez anos despois, o que di a Consellería do Mar é que está a acelerar a contratación dos estudos de viabilidade do novo punto de vertido (nunha zona ao oeste das illas de Ons e Sálvora), co obxectivo de contar con todas as garantías para modificar este aspecto. Así, hai uns días, Portos de Galicia abriu a porta a descargar os lodos nun espazo situado a dúas millas da Illa de Sálvora, illa que forma parte do Parque Nacional das Illas Atlánticas e que precisa previo informe ambiental favorable da Consellería de Medio Ambiente.

O pasado venres, os patróns maiores da ría de Arousa, encabezados polas confrarías de Ribeira e Aguiño, situáronse publicamente contra este proxecto de vertido, polo feito de que a montaña de sedimentos que xa existe provoca problemas na ría, ao enturbar as augas, ademais do perigo que suporía a presenza de elementos contaminantes dada a orixe urbana e industrial dos lodos que se guindarían na contorna da illa de Sálvora. Ante as presións, o último que dixo o Goberno foi que non hai ningún punto elixido, senón que é algo que se está a estudar. Curiosamente, nunca fala o Goberno galego da posibilidade de levar os lodos a antiga Sogarisa, por exemplo. Mentres, o río Lérez e a ría de Pontevedra cegan.



Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Ten o Goberno da Xunta de Galicia prevista a contratación de varios estudos de viabilidade para os vertidos da dragaxe e rexeneración do fondo da ría de Pontevedra?
2. Neses estudos recóllense novos puntos de vertido? Cales son?
3. É certo que o Goberno ten previsto descargar os vertidos nun espazo situado a dúas millas da Illa de Sálvora, illa que forma parte do Parque Nacional das Illas Atlánticas e que precisa previo informe ambiental favorable da Consellería de Medio Ambiente?
4. Ten analizado o Goberno que se poden incrementar os problemas na ría de Arousa polo acopio da montaña de sedimentos que xa existe e que se pode xerar un perigo pola presenza de elementos contaminantes?
5. Formulouse o Goberno a posibilidade de verter os lodos nas instalacións da antiga “Sogarisa”?
6. Para cando a licitación do proxecto para a dragaxe e rexeneración do fondo da ría de Pontevedra?

Pazo do Parlamento, 12 de xuño de 2019

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
María Dolores Toja Suárez
Luís Manuel Álvarez Martínez
María Luisa Pierres López
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia





Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 12/06/2019 13:46:06

María Dolores Toja Suárez na data 12/06/2019 13:46:16

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 12/06/2019 13:46:30

María Luisa Pierres López na data 12/06/2019 13:46:39





BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Luis Bará Torres, Olalla Rodil Fernández, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz e Montserrat Prado Cores, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, relativa ás repercusións da reestruturación do banco Santander despois da adquisición do Banco Popular.

O pasado sete de xuño de 2017, despois de semanas de incertezas e rumores arredor do futuro do Banco Pastor, confirmábase a venda a prezo de saldo ao banco Santander. Isto supuxo un novo punto de inflexión no proceso de concentración e centralización do mercado bancario que traería numerosas consecuencias no ámbito económico e financeiro. Desde entón, moitos galegos e galegas viviron momentos de incerteza arredor de como se verán afectados e afectadas, tanto os usuarios de diversos produtos financeiros como as persoas accionistas e os propios traballadores e traballadoras, por exemplo.

Cómpre lembrar que malia á desatención do goberno galego sobre este ámbito de actuación, especialmente na esfera bancaria, Galiza posúe competencias exclusivas en materia de consumo. Neste sentido, ao abeiro do Decreto 118/2016, do 4 de agosto, creouse o Instituto Galego do Consumo e da Competencia, que posúe, entre as súas funcións, as seguintes: no que veñen reguladas, como funcións do mesmo as seguintes:

- Orientar, formar e informar as persoas consumidoras e usuarias sobre os seus dereitos e a forma de exercelos e de difundir o seu coñecemento.





BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Promover e levar a cabo os estudos que permitan unha prognose adecuada da problemática do consumo, así como levar a cabo ensaios comparativos, análises de laboratorio e, en xeral, todos os procedementos técnicos que se precisen para o mellor coñecemento dos bens, produtos e servizos que se oferten ao consumidor e usuario.

- Potenciar a mediación e a arbitraje para a resolución dos conflitos en materia de consumo, organizando e xestionando o funcionamento da Xunta Arbitral de Consumo de Galicia.

Tal e como anticipabamos hai meses, sen dúbida, a consumación da venda desta entidade bancaria traerá consecuencias para moitos galegos e galegas. Neste momento, en maio do 2019 na primeira xuntanza do ERE o Santander anunciaba a súa intención de pechar 135 oficinas das 401 existentes e de destruír 271 postos de traballo, o que supón o 14%. Unha porcentaxe que, segundo a sección sindical da CIG na entidade, é superior á media estatal, estimada no 12%.

Para alén das consecuencias en materia de impacto no emprego, do que o Bloque Nacionalista Galego xa ten trasladado iniciativas, é importante non perder de vista o impacto que isto pode ter do punto de vista da rede de oficinas e da competencia. Polo tanto, desde o Bloque Nacionalista Galego volvemos insistir nesta cuestión.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

Como considera a Xunta de Galiza que afecta do punto de vista da competencia e dos dereitos das e dos consumidores a futura desaparición de máis de 100 oficinas froito da fusión liderada polo Santander?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ten elaborado ou vai elaborar ao abeiro dalgún dos seus instrumentos autonómicos unha valoración do impacto que estes movementos poden ter en Galiza? Cales son os motivos?

Ten desenvolvido unha estratexia específica por parte do Instituto Galego do Consumo e da Competencia?

Como valora o goberno galego a desaparición de oficinas bancarias en Galiza? Ten feito un estudo sobre como afecta nas diferentes zonas do país?

Considera que esta situación ten repercusións do punto de vista da competencia?

E do punto de vista da accesibilidade aos servizos financeiros?

Santiago de Compostela, 12 de xuño de 2019

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Luis Bará Torres

Olalla Rodil Fernández

Montserrat Prado Cores

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 12/06/2019 18:02:32

Xosé Luis Bará Torres na data 12/06/2019 18:02:41

Olalla Rodil Fernández na data 12/06/2019 18:02:48

María Montserrat Prado Cores na data 12/06/2019 18:03:00

Xose Luis Rivas Cruz na data 12/06/2019 18:03:18

Ana Pontón Mondelo na data 12/06/2019 18:03:26



Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Quinteiro Araujo, Eva Solla Fernández e Carmen Santos Queiruga, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta**, para a súa resposta **escrita**.

As casas de apostas están a proliferar nos barrios das nosas cidades dunha maneira alarmante, o que suscita o risco de incrementar a adicción ao xogo.

Este sector está a crecer con intensidade, como evidencian os datos de facturación, ante a falla de regulación das administracións públicas, que non toman medidas decididas para frear esta lacra. A Xunta de Galicia ven de presentar unha nova proposta de Lei para rexer este sector pero que ten numerosas eivas.

En Vigo, estase realizando unha obra nun baixo comercial, na rúa Florida 73, para a apertura dun novo salón de xogos e apostas por parte da compañía Merkur. Esta obra carece de licenza municipal de obra, algo que foi denunciado pola veciñanza. Ademais, alértase tamén de que está moi cerca dun centro educativo oficial como é o conservatorio de música de Florida.

Dende o Concello de Vigo, na Xerencia de Urbanismo, sinalan que a Xunta foi a que autorizou a licenza deste negocio.

Non estamos ante unha situación illada, recentemente a empresa de xogo Merkur abriu unha casa de apostas no barrio vigués de Navia, cerca de A Florida, moi próxima a un parque infantil, ante a que se manifestou a veciñanza do barrio.





Por estes motivos presentamos a seguinte pregunta para a súa resposta escrita:

1. Dispón a empresa Merkur de licencia para a apertura dunha casa de apostas na rúa Florida 73?
2. Considera a Consellería que esta obra cumpre coa normativa en canto á distancia cun centro educativo?
3. Cales foron os motivos para conceder unha nova licencia?

Santiago de Compostela, 12 de xuño de 2019.

Asdo.: Paula Quinteiro Araujo

Eva Solla Fernández

Carmen Santos Queiruga

Deputadas do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Paula Quinteiro Araújo na data 12/06/2019 18:08:51

Eva Solla Fernández na data 12/06/2019 18:09:01

Carmen Santos Queiruga na data 12/06/2019 18:09:15



Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Vázquez Verao, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta**, para a súa resposta **escrita**.

A Atención Temperá é un conxunto de intervencións dirixidas á poboación infantil de 0 a 6 anos, á súa familia e ao seu contorno, que ten por obxectivo dar resposta temperá ás necesidades transitorias ou permanentes que presentan os nenos e as nenas con trastornos no desenvolvemento ou en risco de padecelos. Deste xeito, a Atención Temperá non se relaciona unicamente coas diversidades funcionais e ten unha dimensión comunitaria e social moi importante, configurándose como unha atención integral biopsicosocial. Asemade, a disposición de recursos suficientes para a prevención permite evitar situacións futuras de trastornos de desenvolvemento.

O Libro Branco da Atención Temperá, elaborado por asociacións e profesionais de todo o Estado, establece como principios da Atención Temperá a gratuidade, a universalidade e a transversalidade.

O Decreto 183/2013 crea a Rede Galega de Atención Temperá, pero a extensión dos servizos de Atención Temperá no territorio galego é moi deficitario e territorialmente desigual, habendo comarcas ben cubertas e outras con sobrecarga asistencial, ademais de comarcas, como a maioría das da provincia de Lugo, sen servizos comunitarios. Esta situación é aínda máis alarmante no contexto da crise económica e os seus efectos de desigualdade e pobreza, pois acentúanse as necesidades da Atención Temperá nestas circunstancias.





Á precariedade da rede comunitaria de Atención Temperá, súmase a falta de recursos na Atención Especializada. No caso da provincia de Lugo, a Unidade de Rehabilitación Infantil e Atención Temperá do HULA é insuficiente.

Esta unidade conta con médico rehabilitador (dous días á semana, en breve, tres días), fisioterapeuta, unha terapeuta ocupacional e logopeda. As prestacións realizadas recollen servizo de fisioterapia, psicoloxía, logopedia e terapia ocupacional. Ademais, conta con traballadora social, pero compartida con outros servizos (neuroloxía, medicina interna, obstetricia, oncoloxía, hematoloxía, pediatría, neonatoloxía e xinecoloxía).

O feito de ter só unha praza de logopeda xera lista de agarda, ademais dos problemas xurdidos cando se cobren baixas con contratos de acúmulo.

Terapia ocupacional só hai polas mañás, sendo un horario non axeitado para a conciliación e compatibilización co ensino. Ademais, hai lista de agarda, dunha vintena de crianzas na actualidade, con escasas posibilidades de ser atendidas antes de dous anos.

A falta de persoal suficiente motiva, non só as listas de agarda, senón tamén que se lles mude ás crianzas a periodicidade das citas de semanal a quincenal, a pesares de que espaciar citas de, por exemplo, fisioterapia, xera retrocesos no avance do desenvolvemento das crianzas. Isto sucede, sobre todo, nas crianzas de máis de tres anos.

A falta de praza de neuropsicoloxía, unida á precariedade de medios da Saúde Mental infantoxuvenil, conleva que o enfoque biopsicosocial non poida adoptarse de xeito integral.

A Unidade de Saúde Mental infantoxuvenil está composta por unha psicóloga e unha psiquiatra que realiza ao mesmo tempo interconsultas de adultos dentro do hospital en casos en que hai que substituír á profesional de referencia, e urxencias. Ademais, no mes de vacacións, parálanse as consultas. Toda esta situación





deriva en listas de agarda en recurso ás clínicas privadas por parte das familias. Hai que ter en conta que desta unidade dependen tamén os casos dos distritos sanitarios do norte e sur de Lugo. Así é que se detecta unha falta de atencións sobre todo nos diagnósticos de TEA para o que as familias teñen que recorrer a servizos privados. Ata fai pouco tempo había dúas profesionais de neuropediatría, pero na actualidade só hai unha profesional desta especialidade. Polo tanto sería conveniente a cobertura da praza de neuropediatría e a creación de unha praza de neuropsicoloxía que puidera atender tanto ao servizo de atención temperá como ao de infantoxuvenil.

O conselleiro de Sanidade afirmou, en maio de 2019, que a Unidade de rehabilitación atende a 116 crianzas, das que 22 realizan tratamento en 2 ou máis unidades de atención temperá, e que reciben unha media dunha sesión semanal de tratamento de 45 minutos de duración en cada unidade de tratamento, indicando que aumenta o número de persoas atendidas nesta unidade nun 12% en 2019.

O que non sinala o Conselleiro é as dificultades que detectan as familias das crianzas atendidas no servizo, que se ven obrigadas a recorrer aos recursos privados, co cal as persoas sen recursos quedan excluídas do dereito á intervencións integrais para as crianzas con problemas de desenvolvemento ou con risco de padecelos.

Polo exposto, a deputada que subscribe pregunta á Xunta de Galicia:

- Vai ampliar o horario da Unidade de Estimulación Temperá do HULA polas tardes?
- Que lista de agarda hai en cada unha das especialidades da Unidade de Estimulación Temperá do HULA?





- Non considera a Xunta que se debe crear urxentemente unha praza de logopedia nesta unidade?
- Como vai a Xunta reforzar os recursos sociais no HULA?
- Non considera que son insuficientes os recursos da unidade de saúde mental infantoxuvenil do HULA?
- Ata que punto os aprazamentos de cita, sobre todo a partir de tres anos, veñen motivadas por presión da lista de agarda, e non por imperativo e criterio clínico?

Santiago de Compostela, 12 de xuño de 2019.

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Deputada do G.P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 12/06/2019 18:09:46





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres, Olalla Rodil Fernández, Ana Pontón Mondelo, Noa Presas Bergantiños e Montserrat Prado Cores, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**.

Un ano máis, coa chegada da primavera, as chuvias e a vixosidade dos nosos solos e os climas que nos caracterizan, fan que á beira das estradas galegas aparezan as herbas e arbustos que se disparan no seu crecemento facendo os cruzamentos e as vías en xeral máis perigosos pola redución da visibilidade que provocan e polo risco na propagación dos lumes.

Hai administracións e institucións que en vez de remedios mecánicos ó problema, botan man dos herbicidas regando sen as precaucións debidas para viandantes, público en xeral e traballadores/as que os aplican, as beiras das estradas.

O uso de herbicidas químicos ten riscos moi serios. Os últimos estudos sobre o glifosato, compoñente da maior parte dos herbicidas, falan da súa toxicidade para a saúde humana e para o medio ambiente.

Estes herbicidas totais non selectivos infítranse no solo, son moi solubles na auga e persistentes na súa permanencia no solo. Contaminan os acuíferos, son tóxicos para a fauna acuática, os animais domésticos ou o gando e esparéxense sen control polo subsolo.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Recentemente a International Agency for Research on Cancer pertencente á OMS incluíu como probables carcinóxenos a unha serie de pesticidas organofosfatados, entres eles o glifosato sendo recente a sentenza que condena a Monsanto a unha indemnización millonaria a un matrimonio estadounidense afectado de cancro e que manipularon glifosato durante un período longo da súa vida.

A Directiva marco para un uso sostible dos praguicidas, aprobada polo Parlamento Europeo o 13 de xaneiro de 2009, no seu capítulo IV, artigos 11 e 12, expón que: “Os Estados membros, tendo debidamente en conta as medidas apropiadas para a protección do medio acuático, a auga potable e os requisitos necesarios de hixiene e saúde pública e a biodiversidade, ou os resultados das avaliacións de risco pertinentes, velarán porque se minimize ou prohiba o uso de praguicidas nas seguintes zonas específicas: ao longo de estradas, nos espazos utilizados polo público en xeral, ou por grupos vulnerábeis, como os parques, xardíns públicos, campos de deportes e áreas de recreo, recintos escolares e campos de xogos e os espazos próximos aos centros de asistencia sanitaria.”

O Real Decreto 1311/2012, establece o marco de actuación para conseguir un uso sostible dos produtos fitosanitarios, e ten por obxecto a redución de riscos e os efectos do seu uso na saúde humana e o medio, e o fomento da xestión integrada de pragas e de formulacións ou técnicas alternativas, tales como métodos non químicos. Contempla que as súas disposicións “entenderanse sen prexuízo de que a Administración competente en cada caso poida aplicar o principio de cautela limitando ou prohibindo o uso de produtos fitosanitarios en zonas ou circunstancias específicas.”

Tomando como referencia a Directiva marco para uso sostible dos praguicidas xa mentada e tamén o Real Decreto 1311/2012 que expresan a vontade favorable a que non se autorice o uso dos herbicidas con glifosato en todo tipo de lugares públicos e de





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

substituílos por métodos mecánicos e/ou biolóxicos non contaminantes, que non danan a saúde nin o medio, formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Ten o goberno galego feito algún estudo que avalíe o impacto do uso dos herbicidas con glifosato en sectores económicos agrarios e singularmente na apicultura?
- Ten o goberno galego prevista algunha medida para evitar o seu uso en Galicia á vista das evidencias do seu carácter gravemente nocivo?
- Vai o Goberno Galego abandonar o seu uso na eliminación de herbas e arbustos na súa rede viaria?
- De ser así que prazos se dispoñen ao efecto?
- Ten previsto realizar algunha actuación nese mesmo sentido ante o Goberno do Estado e as administracións locais?

Santiago de Compostela, 12 de xuño de 2019

Asdo.: Xosé Luis Rivas Cruz

Noa Presas Bergantiños

Luis Bará Torres

Olalla Rodil Fernández

Montserrat Prado Cores

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Xose Luis Rivas Cruz na data 12/06/2019 18:53:35

Xosé Luis Bará Torres na data 12/06/2019 18:53:45

María Montserrat Prado Cores na data 12/06/2019 18:53:50

Noa Presas Bergantiños na data 12/06/2019 18:53:57

Olalla Rodil Fernández na data 12/06/2019 18:54:05

Ana Pontón Mondelo na data 12/06/2019 18:54:13



Á Mesa do Parlamento

Concepción Burgo López e Luis Álvarez Martínez, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **escrita**.

No pleno do día 12 de xuño de 2019, a conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional en contestación a una pregunta do Grupo Parlamentario dos Socialista, sobre a inexplicable demora de un ano e medio no nomeamento dun presidente ou presidenta do Consello Social da Universidade de Santiago, afirmou que están buscando a unha muller con un perfil empresarial que poda asumir as funcións do cargo da presidencia do dito Consello Social.

Tendo en conta que o Consello Social xa leva 18 meses sen presidencia e agora está tamén sen secretario pola dimisión do último e que, segundo o artigo 83, o secretario só pode ser designado polo presidente ou presidenta, pero esta non existe, e imposible que funcione este Consello de suma importancia para a Universidade e que agora está paralizado

Polo exposto, a deputada e deputado asinantes formulan as seguintes preguntas:

- 1.ª) Canto calcula a Xunta de Galicia que vai tardar en atopar una muller que poda ocupar a presidencia do Consello Social da Universidade de Santiago de Compostela?
- 2.ª) Como valora que o Consello Social da Universidade de Santiago estea practicamente paralizado pola deixadez de funcións da Conselleira de Educación e do presidente da Xunta de Galicia?

Pazo do Parlamento, 17 de xuño de 2019

Asdo.: Concepción Burgo López

Luis Álvarez Martínez

Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia





Asinado dixitalmente por:

Maria de la Concepción Burgo López na data 12/06/2019 18:09:57

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 12/06/2019 18:10:14





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Luis Bará Torres, Olalla Rodil Fernández, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz e Montserrat Prado Cores, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**.

O 19 de decembro de 2017 o Pleno do Parlamento Galego tomaba, por impulso do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, o seguinte acordo respecto da explotación e transformación do silicio solar en Galiza: “O Parlamento de Galiza acorda instar á Xunta de Galiza a solicitar do grupo Ferrotlántica-Ferroglobe que todos os investimentos e postos de traballo derivados da fabricación en todas as súas fases de silicio solar teñan lugar en Galiza, atendendo ás concesións que actualmente ten outorgado este grupo empresarial sobre nosos recursos minerais así como a levar a cabo as actuacións necesarias para favorecer o peche do ciclo produtivo no noso país.”

Naquela altura pairaba a preocupación, non resolta, respecto das prácticas de desmantelamento e deslocalización encuberta que Ferrotlántica estaba a desenvolver baleirando de contido a fábrica localizada no Polígono de Sabón, en Arteixo.

Durante 2018 e comezos de 2019 a empresa desenvolveu unha serie de actuacións conducentes a escindir esta fábrica doutras do grupo que é cando menos chamativa e merece algún tipo de valoración por parte do goberno galego. Por exemplo, cómpre recordar que en data 8 de novembro de 2018, Ferrotlántica comunica á representación legal dos traballadores a escisión dos centros de traballo de Boo de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Guarnizo, Sabón e Servicios Centrales de Madrid en tres sociedades de responsabilidade limitada (FERROATLÁNTICA DE BOO S.L.U., FERROATLÁNTICA DE SABÓN S.L.U. e GRUPO FERROATLÁNTICA DE SERVICIOS S.L.U.). Esta modificación estrutural das novas sociedades publícase no Boletín Oficial do Rexistro Mercantil (BORME) en data 23 de novembro de 2018.

Porén, para a negociación do ERTE (comunicado o 4 de febreiro do 2019), a empresa Ferroatlántica anula esta operación de escisión de ditos centros de traballo. O 11 de febreiro de 2019 constitúese a Comisión Negociadora do ERTE que afectará a totalidade das plantillas de ditos centros de traballo. Este ERTE foi firmado polos sindicatos UGT, CC.OO. e USO, con unha representatividade na Comisión negociadora do 69,44%. E foi presentado diante da DIRECCIÓN GENERAL DE TRABAJO DEL MINISTERIO DE TRABAJO, MIGRACIONES Y SEGURIDAD SOCIAL o 11 de febreiro de 2019. Finalmente, unha vez firmado e presentado o ERTE a empresa Ferroatlántica rexistra no Boletín Oficial do Rexistro Mercantil (BORME) o día 9 de abril de 2019 unha nova escisión dos centros de traballo de Boo, Sabón e Servicios Centrais de Madrid en tres novas sociedades (FERROATLÁNTICA DE BOO S.L.U., FERROATLÁNTICA DE SABÓN S.L.U. e GRUPO FERROATLÁNTICA DE SERVICIOS S.L.U.)

Cómpre lembrar que Silicio FerroSolar é un activo empresarial que foi creado no 2008 co obxectivo de desenvolver tecnoloxías de purificación de silicio e integrar tecnoloxías para obter Silicio de grado solar que serve para desenvolver pezas empregadas na xeración de enerxía fotovoltaica. Combinando a pureza e alta calidade do material obtido no noso país, na mina de Serrabal, co desenvolvemento tecnolóxico chegan a producir un pó de silicio de altísima calidade, cunha pureza cercana ao cen por cen, o que sitúa Galiza e á empresa na vangarda, obtendo a mellor calidade do produto,





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

que pode usarse de forma completa. Así mesmo, durante anos Villar Mir beneficiouse das ganancias das centrais hidroeléctricas do Xallas para soster os seus negocios no noso país e fóra del.

Desde o Bloque Nacionalista Galego entendemos que estes feitos merecen a atención dos poderes públicos galegos, xa que as actuacións acometidas e solicitadas a Augas de Galiza poden incorrer nunha vulneración das condicións de explotación das centrais do Xallas que debe ser avaliada.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

Que opinión lle merece á Xunta de Galiza (Augas de Galiza) as demandas de escisión de Sabón manifestadas por Ferroatlántica?

Que resposta e indicacións ou advertencias deu o goberno galego a Ferroatlántica?

Considera que isto é unha operación contraria ás condicións de cesión do Xallas?

Recibiu a Xunta de Galiza algunha alegación por parte dos traballadores e traballadoras? Que contestación lle mereceu? - Que actuacións levou ou vai levar a cabo o goberno galego para favorecer o mantemento e aumento da carga de traballo e cadro de persoal derivados do silicio solar?

Coñece a Xunta de Galiza a intención do grupo empresarial Ferroatlántica-Ferroglobe de deslocalizar a produción asociada ao silicio extraído en Galiza para fóra do noso país? Que valoración lle merece?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Que actuacións levou ou vai levar a cabo o goberno galego para favorecer o peche do ciclo produtivo do silicio solar no noso país?

Que actuacións levou ou vai levar a cabo o goberno galego para favorecer o mantemento e aumento da carga de traballo e cadro de persoal derivados do silicio solar?

Ten coñecemento a Xunta de Galiza de cal é o volume de recursos públicos se ten destinado desde as arcas galegas a este sector? En que medida ao grupo citado?

Mantivo algunha comunicación a Consellaría de Economía, emprego e industria ao respecto coa empresa?

Mantivo algunha comunicación a Consellaría de Economía, emprego e industria ao respecto co cadro de persoal?

Santiago de Compostela, 13 de xuño de 2019

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Luis Bará Torres

Olalla Rodil Fernández

Montserrat Prado Cores

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 13/06/2019 10:08:52

Xosé Luis Bará Torres na data 13/06/2019 10:09:00

Olalla Rodil Fernández na data 13/06/2019 10:09:10

María Montserrat Prado Cores na data 13/06/2019 10:09:21

Xose Luis Rivas Cruz na data 13/06/2019 10:09:40

Ana Pontón Mondelo na data 13/06/2019 10:10:02





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Luis Bará Torres, Olalla Rodil Fernández, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz e Montserrat Prado Cores, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**.

Desde que en outubro do 2018, exactamente o día 17, a empresa Alcoa anunciara aos cadros de persoal de Coruña e Avilés así como publicamente a súa intención de pechar as instalacións da empresa foron diversas as demandas das e dos traballadores e os debates políticos arredor de como arbitrar unha saída que supoña o mantemento dos postos de traballo e da actividade industrial, ao considerar o sector do aluminio como estratéxico.

Desde entón, a resposta por parte da Xunta de Galiza así como do goberno central teñen sido insatisfactorias. Dunha banda, o goberno de Núñez Feijóo limitouse a unha estratexia de eludir responsabilidades malia as competencias en materia industrial que posúe o noso país. Doutra banda, o goberno de Sánchez envolveu ao sector nunha estratexia de adiar os debates e decisións fundamentais que había que tomar en consideración para resolver a meirande crise industrial dos últimos anos. Despois de meses de promesas sobre as axudas ao CO₂, o Estatuto de electrointensivas ou as modificacións das poxas de interrompibilidade no momento de asinar esta iniciativa ningunha das tres cuestións foi resolta favorablemente.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Cómpre recordar que estamos a falar dunha industria estratéxica, a do aluminio, nun contexto de forte desindustrialización e terciarización da economía galega. Falamos dun volume de 400 postos de traballo na Coruña ao que hai que sumar o impacto na industria auxiliar e na actividade portuaria, e mesmo o risco sobre Alcoa San Cibrao, que sumando a industria auxiliar chegaría a unha afectación de máis de 2.000 persoas.

Neste contexto achégase a data do 1 de xullo, clave para Alcoa, e descoñecemos se existe un comprador viable que inclúa na súa oferta a planta da Coruña e PP e PSOE parecen non ser favorables a, se non hai unha oferta adecuada, adoptar outro tipo de medidas como a adquisición pública. O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego entende que os poderes públicos deben ter un papel determinante na economía, especialmente no sector industrial, e máis tendo en conta que o aluminio ten un carácter estratéxico. Polo tanto, diante do contexto no que nos atopamos é preciso que PP e PSOE levanten o veto á posibilidade de empregar esta alternativa con Alcoa se non se atopa comprador ou compradora.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

Como valora o goberno galego a situación de Alcoa?

Ten coñecemento das ofertas presentadas e da situación na que quedaría a empresa?

Que actuacións vai levar a cabo a Xunta de Galiza para salvagardar os postos de traballo e a actividade industrial en Alcoa Coruña?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Considera a Xunta de Galiza atinado demandar a adquisición pública en Alcoa Coruña? Por que motivos?

Como valora o goberno galego a evolución das negociacións para unha tarifa industrial estábel? Ten coñecemento de se foron ou serán atendidas as súas reclamacións respecto deste ámbito? E concretamente no tocante á inclusión da categoría de hiperelectrointensivas?

Considera que está en vías de se resolver o problema da enerxía para a industria galega? Considera lóxico que un país produtor como Galiza non poida ser competitivo neste ámbito? Que vai facer para mudalo?

Santiago de Compostela, 13 de xuño de 2019

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Luis Bará Torres

Olalla Rodil Fernández

Montserrat Prado Cores

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 13/06/2019 12:33:58

Xosé Luis Bará Torres na data 13/06/2019 12:34:40

Olalla Rodil Fernández na data 13/06/2019 12:34:46

María Montserrat Prado Cores na data 13/06/2019 12:34:54

Xose Luis Rivas Cruz na data 13/06/2019 12:35:02

Ana Pontón Mondelo na data 13/06/2019 12:35:11



Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, Juan Manuel Díaz Villoslada e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

No pasado mes de abril, as 11 persoas que ditaron veredicto polo “crime da rozadora”, xulgado na Sección 2ª da Audiencia Provincial de Pontevedra, padeceron un calvario. Foi tan denigrante que unha das persoas que participaron naquel xurado popular ata presentou unha queixa ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Ocorre que o Goberno galego non se ocupou -nin ocupa- da intendencia (aloxamento, manutención e outros coidados) relacionada cos xurados na provincia de Pontevedra, malia ser a súa obriga, posto que a Dirección Xeral de Xustiza coñece os sorteos de xurados 2 ou 3 meses antes de que comecen os xuízos. Pola contra, son os funcionarios e as funcionarias da Audiencia Provincial (diligentes de máis) quen se encarga deste “traballo doméstico” dende hai uns 5 anos, malia non ser a súa obriga (as funcións dos corpos de Xestión Procesual e Administrativa, Tramitación Procesual e Administrativa e Auxilio Xudicial veñen concretadas nos artigos 476, 477 e 478 da Lei orgánica do poder xudicial, do 1 de xullo de 1985).

O día 24 de maio, o responsable do Sindicato Nacional de Xustiza de Galicia de UGT solicitaba do Director Xeral de Xustiza que dera unha explicación inmediata sobre as instrucións dadas aos funcionarios e funcionarias dos Corpos ao servizo da Administración de xustiza destinados nas audiencias provinciais en relación á atención da cidadanía xurada. Segue a agardar a resposta.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Ten coñecemento o Goberno da Xunta de Galicia de que son os funcionarios e as funcionarias da Audiencia Provincial de Pontevedra quen se encargue da intendencia relacionada cos xurados da provincia dende hai anos?
2. Sabe o Goberno cales son as funcións dos corpos de Xestión Procesual e Administrativa, Tramitación Procesual e Administrativa e Auxilio Xudicial



- concretadas nos artigos 476, 477 e 478 da Lei Orgánica do Poder Xudicial, de 1 de xullo de 1985? Sabe se nesas funcións se atopa a intendencia relacionada cos cidadáns designados xurados?
3. Cantas persoas ten designado o Goberno para esta función?
 4. Vai responder o Goberno á solicitude feita polo Sindicato UGT ao director xeral de xustiza para que dea unha explicación inmediata sobre as instrucións dadas aos funcionarios dos Corpos ao servizo da Administración de xustiza destinados nas audiencias provinciais en relación á atención da cidadanía xurada? Cando?

Pazo do Parlamento, 12 de xuño de 2019

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Juan Manuel Díaz Villoslada
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 13/06/2019 12:36:31

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 13/06/2019 12:36:43

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 13/06/2019 12:36:57



Á Mesa do Parlamento

Patricia Otero Rodríguez, José Manuel Pérez Seco e Abel Losada Álvarez, deputada e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

Desde hai 34 anos en Burela, e facendo honor á súa condición de porto líder na captura do bonito do norte, celébrase o primeiro sábado de cada mes de agosto a feira do bonito, organizada pola asociación Leticia (promotora do evento) e o Concello de Burela. Festa de exaltación gastronómica na que se pode desfrutar do bonito preparado de diversas maneiras: cocido, asado, en empanada e agora nos últimos anos en marmitako.

O Concello de Burela e a asociación Leticia levan desde xaneiro de 2016 traballando para que esta feira acade a declaración de festa de interese turístico nacional.

O Pleno do Concello de Burela aprobou, en xaneiro de 2016, por unanimidade, unha iniciativa do Grupo Socialista en apoio da Feira do Bonito de Burela como festa de interese turístico nacional.

Nos últimos anos desde o Concello de Burela e a asociación Leticia déuselle unha dimensión de divulgación e prestixio a esta feira: que ademais da preparación do bonito con distintas actividades musicais, deportivas, concurso de pintura Amarte, pregón da feira.... para conseguir que a Feira do bonito de Burela acade o distintivo de festa de interese turístico nacional. A asociación Leticia e o Concello de Burela estiveron a traballar dende xaneiro de 2016 no dossier (memoria, entrevistas e aparicións en medios de tirada nacional) necesario para tramitar a dita solicitude de festa de interese turístico nacional. Expediente que foi recibido pola Axencia de Turismo de Galicia en data 16 de abril de 2019.

A pesar de que na Comisión 6ª do Parlamento de Galicia, en abril de 2016 adoptouse por unanimidade o seguinte acordo: “ O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a colaborar coa asociación cultural Leticia- promotora do evento- e co Concello de Burela para que a Feira do Bonito que cada ano se celebra nesta localidade poda obter a declaración de interese turístico nacional, e en particular, instar o Goberno galego a apoiar os esforzos para a difusión deste evento nos medios de comunicación.”



Pero a pesar deste acordo a Xunta de Galicia non fixo nada para apoiar a difusión deste evento nos medios de comunicación de tirada nacional, xa que das 23 (son necesarias 21) entrevistas e aparicións en medios de comunicación de ámbito nacional, que se achegan o informe para a tramitación deste expediente todas son do Concello de Burela e da asociación cultural Leducia, ningunha da Xunta de Galicia.

A Consellería de Cultura trasladou o pasado 15 de maio ao Ministerio de Turismo un informe favorable que avala a declaración da Feira do Bonito como festa de interese turístico nacional.

Por iso a deputada e os deputados que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) Cal foi o apoio da Xunta de Galicia para a difusión da Feira do Bonito de Burela nos medios de comunicación de tirada nacional de cara a conseguir o distintivo de festa de interese turístico nacional?

2ª) Cantas entrevistas e aparicións nos medios de comunicación de tirada nacional aportou a Xunta de Galicia, sobre a Feira do Bonito de Burela, para achegar o dossier necesario para a tramitación da solicitude desta festa como de interese turístico nacional?

Pazo do Parlamento, 13 de xuño de 2019

Asinado dixitalmente por:

Patricia Otero Rodríguez na data 13/06/2019 12:40:06

Jóse Manuel Pérez Seco na data 13/06/2019 12:40:36

Abel Fermín Losada Álvarez na data 13/06/2019 12:40:57





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Noa Presas Bergantiños, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz e Montserrat Prado Cores, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita** sobre os dereitos de emisión dos servizos de comunicación comunitarios sen ánimo de lucro e as medidas que debe adoptar a Xunta de Galiza ao respecto.

Recentemente o Tribunal Supremo vén de rexeitar o recurso presentado pola Xunta de Galiza contra a sentenza do TSXG que, en outubro de 2018, deu a razón á emisora comunitaria CUAC FM en relacións aos seus dereitos de emisión.

O conflito entre a Xunta de Galiza e a radio comunitaria coruñesa remóntase a hai varios anos. Concretamente a setembro de 2017 cando a Xunta enviou a CUAC FM unha notificación ameazando con sancións de entre 100 mil e 200 mil euros se continuaba a emitir “sen licenza”.

CUAC presentárase en 2012 ao concurso público co que o Goberno galego repartira o espectro radioelétrico porén, non obtivera licenza.

Nese contexto, a radio comunitaria decidiu cesar nas emisións a través de FM (dando continuidade á programación a través da rede) e iniciar un proceso xudicial para defender os seus dereitos de emisión como radio comunitaria.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Fixérono amparándose na lexislación vixente, no concreto na Lei 7/2010 Xeral da Comunicación Audiovisual que no seu artigo 32 sinala:

1. As entidades privadas que teñan a consideración legal de entidades sen ánimo de lucro poderán prestar servizos de comunicación audiovisual comunitarios sen ánimo de lucro para atender a necesidades sociais, culturais e de comunicación específicas de comunidades e grupos sociais, así como para fomentar a participación da cidadanía e a vertebración do tecido asociativa.

2. A Administración Xeral do Estado debe garantir en todo caso a dispoñibilidade do dominio público radioeléctrico preciso para a prestación destes servizos.

3. A prestación deste tipo de servizos require licenza previa. No devandito título estableceranse as condicións que aseguren a súa natureza sen ánimo de lucro, sendo posíbel establecer o uso compartido dunha mesma canle así como as condicións dese uso.

4. A adxudicación da licenza leva aparellada a concesión de uso privativo do dominio público radioeléctrico dispoñíbel para a prestación do servizo. A Administración Xeral do Estado habilitará o dominio público radioeléctrico preciso para a prestación destes servizos.

5. A licenza en ningún caso poderá perder o seu carácter orixinal de servizo de comunicación audiovisual comunitario sen ánimo de lucro e non poderá ser obxecto de transmisión nin arrendamento.

Así mesmo, a Disposición Transitoria 14ª da mesma lei obriga, nun prazo de doce meses desde a entrada en vigor da mesma, a desenvolver regulamentariamente o





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

procedemento de concesión de licenza para este tipo de servizos de comunicación de carácter comunitario.

En outubro de 2018 o TSXG dálle a razón ao recurso presentado por CUAC cunha contundente sentenza na que o tribunal sinala a responsabilidade directa da Xunta de Galiza. Ao non desenvolver o marco normativo, a Secretaría Xeral de Medios está a imposibilitar a obtención de licenza de CUAC o que supón unha vulneración do dereito fundamental á liberdade de expresión da cidadanía e a recibir e comunicar libremente información (artigo 20 da CE).

Malia o traspés, a Xunta decide recorrer o fallo perante o Tribunal Supremo que, finalmente, deu a razón a á emisora ao non admitir o recurso do Goberno galego dando por firme a sentenza do TSXG. Así mesmo, o Supremo imponlle á Xunta de Galiza as costas do proceso até un máximo de mil euros.

A batalla xudicial iniciada por CUAC FM non só reconece os dereitos desta emisora senón de todas as radios comunitarias sen ánimo de lucro que están a ver furtados os seus dereitos fundamentais e, por extensión, os do conxunto da poboación. Ao mesmo tempo, evidencia o flagrante incumprimento da lexislación por parte da Xunta de Galiza mais tamén do Goberno español.

En 2017 esta cuestión xa foi obxecto de iniciativas por parte do Grupo parlamentar do Bloque Nacionalista Galego. De facto, en outubro dese ano como resposta a unha pregunta escrita rexistrada pola nosa organización, a Xunta de Galiza aseguraba que correspondía ao Estado español desenvolver regulamentariamente a Lei 7/2010 sobre a prestación do servizo de radios comunitarias sen ánimo de lucro remitindo ás Comunidades Autónomas a planificación radioeléctrica para poder, a partir dese momento “atender as solicitudes das radios comunitarias sen ánimo de lucro, cuxo





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

outorgamento esixe a convocatoria dun concurso público específico en concorrencia competitiva”.

Así as cousas, o TSXG foi moi claro ao sinalar que a Xunta de Galiza ten responsabilidade directa ao ter privado as radios comunitarias galegas da concesión de licenzas que a lei lles reconece e apuntando a falta de desenvolvemento normativo por parte do Goberno galego como causante desa situación.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Como valora a Xunta de Galiza a situación dos servizos comunitarios audiovisuais sen ánimo de lucro após a sentenza do Tribunal Supremo?
- Que medidas ten adoptado ou prevé adoptar o Goberno galego para garantir os dereitos de emisión destes servizos?
- Que medidas ten adoptado ou prevé, por si propia e/ou diante do Estado español, adoptar a Xunta de Galiza para desenvolver regulamentariamente a Lei 7/2010 e garantir o acceso a licenza destes servizos?

Santiago de Compostela, 13 de xuño de 2019

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Noa Presas Bergantiños





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Luis Bará Torres

Montserrat Prado Cores

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 13/06/2019 13:40:54

Xosé Luis Bará Torres na data 13/06/2019 13:41:04

María Montserrat Prado Cores na data 13/06/2019 13:41:12

Noa Presas Bergantiños na data 13/06/2019 13:41:21

Xose Luis Rivas Cruz na data 13/06/2019 13:41:29

Ana Pontón Mondelo na data 13/06/2019 13:41:38



Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Quinteiro Araujo e Flora Miranda Pena, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, o abeiro do disposto no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta escrita.

Todo o que ten a ver coa xestión dos helicópteros de salvamento marítimo, e a xestión do servizo por parte da Xunta nos últimos anos, non so é un despropósito se non un exemplo da deixadez e mal facer da conselleira responsable.

Recordemos que dende a Consellería do Mar, vendeuse a necesidade de enaxenar os bens que tiñamos para o salvamento aéreo co obxectivo, segundo palabras da conselleira, de acadar novos e mellores dispositivos, non so non temos mellores equipos, os equipos da empresa concesionaria son os mesmos dos que dispoñía a Xunta, se non que incrementamos os custes do servizo para ter uns helicópteros que estaban obsoletos en palabras da Conselleira ala polo 2015.

Babcock, antiga INAER leva tempo incumprindo as condicións acordadas nos pregos de contratación. Recentemente coñecía-se de que a empresa tiña a intención de reducir drasticamente os seus salarios, a través da redución do salario bruto e tamén dos complementos, empeorando, polo tanto, a calidade do servizo. Esta situación debe abordarse de forma inmediata polo Goberno para evitar un novo retroceso nas condicións do servizo que poida supoñer riscos inaceptables para un servizo como o salvamento marítimo.

Por todo o exposto, as deputadas asinantes formulan a seguinte Pregunta para a súa resposta escrita:





1. Que medidas vai adoptar o Goberno galego para evitar as intencións da empresa concesionaria do salvamento marítimo que pretende deteriorar as condicións laborais do servizo?
2. Que labor de mediación está a desenvolver a Xunta de Galicia?
3. Que balance fai a Xunta de Galicia da privatización deste servizo?

Santiago de Compostela, 13 de xuño de 2019.

Asdo.: Paula Quinteiro Araujo
Flora Miranda Pena
Deputadas do G.P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

Paula Quinteiro Araújo na data 13/06/2019 17:11:23

Flora María Miranda Pena na data 13/06/2019 17:11:29



Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela, Concepción Burgo López e Noela Blanco Rodríguez, deputado e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

A convocatoria dos exames de ABAU de 2019 foi un motivo de información nas distintas canles da CRTVG, así como doutros medios de comunicación. Dentro dos aspectos que están sendo considerados de interese polos distintos medios de comunicación, predomina o debate xeral sobre a suposta desigualdade entre os exames, niveis de esixencia e outras valoracións.

Froito deste escenario, a CRTVG publicou unha información na súa web, ao fío dunha peza informativa elaborada, que construía unha idea argumentativa baseada no prexuízo que supón para os alumnos e alumnas de Galicia examinarse de idioma galego, cando esta proba non se realiza nas demais comunidades autónomas de España onde o galego non é idioma oficial, como é normal.

O natural entendemento da publicación invita a inferir que, ademais de que “as probas son máis difíciles”, e que “os criterios de corrección máis esixentes”, tamén se engadía no argumentario que o alumnado de Galicia “examinase dunha materia máis, a de galego”. Esta presentación dos datos evidencia unha nula comprensión das vantaxes que supón a existencia dunha lingua propia, tanto na riqueza cultural e persoal, como na utilidade directa que isto supón. Ademais, a efectos unicamente de análise racional, a existencia dun exame máis non ten que ser un problema que xere desvantaxe.

En definitiva, a difusión de contidos a través dos medios públicos que convertan ao idioma galego nun problema e que conleven asociar a existencia das probas sobre o idioma a elementos negativos, constitúe unha terxiversación dos criterios naturais que deben rexer o funcionamento dun medio de comunicación público.



Por todo o exposto, o deputado e as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Que criterios levan á CRTVG a tomar unha posición agresiva fronte á lingua galega a partir das probas ABAU que se realizan sobre o idioma?
2. Ten previsto a CRTVG modificar o contido da web publicada sobre a nova en cuestión?
3. Pode garantir a CRTVG que a defensa da lingua galega está entre os obxectivos prioritarios no exercicio do seu labor como medio de comunicación público de Galicia?

Pazo do Parlamento, 13 de xuño de 2019

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Concepción Burgo López
Noela Blanco Rodríguez
Deputados e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 13/06/2019 17:21:09

Maria de la Concepción Burgo López na data 13/06/2019 17:21:20

Noela Blanco Rodríguez na data 13/06/2019 17:21:32



Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Quinteiro Araújo, Marcos Cal Ogando e Francisco Casal Vidal, deputada e deputados do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 157 do regulamento da Cámara, presenta a seguinte Pregunta para a súa resposta escrita, sobre a participación de representantes da Xunta na realización de touradas.

A Enquisa sobre Hábitos e Prácticas Culturais que publica de xeito relativamente regular o Ministerio de Cultura, Educación e Deporte, pouco sospeitoso de “antitaurinismo”, evidencia que no período 2014-2015, o último en estudo, tan só o 0,3% da cidadanía galega declara asistir a un evento tauromáquico, dos que o 0,2% corresponden ás touradas propiamente ditas e o 0,1% restante a outros actos de carácter taurino.

Esta evidente falta de interese pola tauromaquia contrasta co apoio que ven prestando a Xunta de Galicia, ben elaborando unha Lei de Espectáculos Públicos que impide a decisión dos Concellos de autorizar ou non os mal chamados festexos taurinos, ben coa presenza de representantes políticos e institucionais en espazos como a praza de touros de Pontevedra, ou mesmo rexedores en prazas portátiles de Valga ou Triacastela, como se viu nestes últimos anos.

- Vai aceptar a Xunta que os seus representantes acudan a eventos tauromáquicos, como a feira taurina de Pontevedra?





- Considera o Goberno que apoiar as touradas é un acto representativo da cidadanía galega?
- Vai tomar a Xunta algunha medida para adoptar as recomendacións recentes do Comité dos Dereitos do Neno e da Nena ao respecto da presenza de menores de 18 anos nas touradas?

Santiago de Compostela, 13 de xuño de 2019.

Asdo.: Paula Quinteiro Araújo

Marcos Cal Ogando

Francisco Casal Vidal

Deputada e deputados do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Paula Quinteiro Araújo na data 13/06/2019 17:47:49

Marcos Cal Ogando na data 13/06/2019 17:48:03





Francisco Casal Vidal na data 13/06/2019 17:48:17





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGU

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Olalla Rodil Fernández, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, relativa á necesidade de dotar ao centro de saúde de Moaña do persoal suficiente para poder prestar unha atención sanitaria de calidade á veciñanza.

A atención sanitaria na nosa vila presenta unha preocupante situación debido ás graves carencias de persoal e medios materiais, como consecuencia dunha política feroz de recortes sobre a sanidade pública galega que se levan aplicando desde o 2009 polos gobernos do PP á fronte da Xunta de Galicia.

A atención sanitaria que está a recibir a veciñanza do concello de Moaña está a ser deficitaria tanto polas carencias de persoal como dos medios materiais e infraestruturas. Teñen só un pediatra a xornada completa e outro de xeito parcial para atender a máis de 2.500 crianzas, moi por enriba das ratios recomendadas, o que se ve agravado pola práctica de non substituíren as ausencias das persoas titulares das prazas, o que conleva grandes listas de agarda para consultas e revisións. Ademais, a atención pediátrica só está dispoñible en quenda de mañá, o que dificulta enormemente a conciliación da vida laboral e familiar das nais e pais.

A situación d@s facultativ@s de familia non é mellor. O Sergas non substitúe as baixas de longa duración, nin os permisos nin vacacións, o que ten como consecuencia listas de espera para conseguir cita, ratios por enriba do establecido e recomendado.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

No tocante ao persoal de enfermería cabe destacar a falta de cobertura das vacacións e libranzas da matrona, privando ás mulleres dunha atención xinecolóxica básica axeitada, cando cabe lembrar que as revisións xinecolóxicas preventivas xa non están incluídas dentro da carteira dos servizos sanitarios que presta o Sergas

Só teñen un fisioterapeuta para máis de 18.000 tarxetas, o servizo préstase só en quenda de mañá, non se cobren ao completo as libranzas do persoal, o que provoca listas de agarda inadmisibles.

E por último, a respecto ao Punto de Atención Continuada cabe sinalar un importante deterioro do mesmo, é constante a ausencia do reforzo de persoal facultativo, o que pon en risco a atención da veciñanza, ao precisar atención médica urxente e atoparse sen persoal sanitario, posto que o único equipo ten que desprazarse a domicilios, en ambulancia ata os hospitais de Vigo e atender o PAC á vez.

É evidente que a política sanitaria de recortes e desmantelamento da sanidade pública galega, levada a cabo polos gobernos do PP na Xunta de Galicia ocasiona graves deficiencias no dereito á atención sanitaria como servizo público fundamental.

Por todas as razóns expostas fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

Vai o Goberno galego solventar de forma inmediata os problemas ocasionados pola súa política de recortes no centro de saúde de Moaña?

Considera que a poboación está ben atendida sen dobre equipo médico durante todas as quendas da fin de semana no PAC?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Coida que unha poboación infantil de arredor de 2500 nen@s está ben atencida con só un pediatra a tempo completo e outro a tempo parcial?

Pode un só fisioterapeuta atender a demanda de 18.000 persoas?

Vai garantir a substitución das ausencias de todo o persoal: médic@s de familia, enfermería, matrona, asistente social, psx...?

Santiago de Compostela, 13 de xuño de 2019

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Luis Bará Torres

Olalla Rodil Fernández

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 13/06/2019 18:03:54

Xosé Luis Bará Torres na data 13/06/2019 18:04:02





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza


Noa Presas Bergantiños na data 13/06/2019 18:04:11

Olalla Rodil Fernández na data 13/06/2019 18:04:19

Xose Luis Rivas Cruz na data 13/06/2019 18:04:27

Ana Pontón Mondelo na data 13/06/2019 18:04:36





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

CSV: BOPGDSPGmX1GUzz034
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

